



## Dictame 1/00

## DICTAME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE VOLUNTARIADO DE GALICIA

### 1.- ANTECEDENTES

1.- En data 10 de marzo de 2000 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia, sometendo a consideración deste organismo o borrador do anteproxecto de lei de voluntariado de Galicia, para que polo Consello se emita Dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 13 de marzo de 2000, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 2, competente por razón da materia, para a elaboración da proposta de Dictame correspondente, sinalando o prazo dun mes para a conclusión dos seus traballos, e establecendo como data da sesión de inicio do traballo o día 20 de marzo de 2000. Asimesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude do dictame.

3.- En data 13 de marzo de 2000, o presidente do CES deu conta ó conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais do traslado da documentación ó presidente en funcións da Comisión Sectorial nº 2, para a elaboración da proposta de Dictame correspondente.

4.- En data 15 de marzo de 2000 o presidente do CES, a solicitude do Presidente da antedita Comisión, invita ó director xeral de Xustiza e Administración Local a comparecer na sesión da Comisión Sectorial para expoñe-lo contido do citado anteproxecto de Lei. A comparecencia tivo lugar o día 20 de marzo, na sesión 1/00 da Comisión.

5.- Despois de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial acorda aproba-la proposta de Dictame, con data 28 de marzo, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- En data 29 de marzo, o presidente do CES convoca á Comisión Permanente do organismo, que, reunida en sesión nº 2/00, de 5 de abril, e tras coñece-lo texto remitido pola Comisión Sectorial, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

7.- O Pleno do CES, na súa sesión 1/00, celebrada en data 11 de abril, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:



## **DICTAME**

*Sobre o anteproxecto de Lei de Voluntariado de Galicia*

### **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

O contido da lei estrutúrase en oito capítulos, con 28 artigos, tres disposicións adicionais, unha transitoria, unha derogatoria e tres finais.

O capítulo I establece disposicións xerais sobre o obxecto da lei, delimitando o ámbito de aplicación a toda actividade de voluntariado organizada e que se desenvolva no ámbito territorial da Comunidade autónoma galega ou no ámbito de competencias da Xunta de Galicia. Define o voluntariado e regula as áreas de interese xeral, así como os fins e os principios básicos polos que deben rexerse as actuacións das persoas voluntarias.

O capítulo II contempla a existencia dunha organización pública ou privada, constituída legalmente e con personalidade xurídica, que, sen ánimo de lucro realice programas no marco de actividades de interese xeral, configúrase así como o requisito básico do que se vai derivar a posibilidade, no seu caso, de poder contar coa colaboración de voluntariado. Estrutúrase en seis artigos: 1) Organizacións de acción voluntaria. 2) Obrigas das organización coas persoas voluntarias 3) Incumprimento de obrigas. 4) Responsabilidade extracontractual fronte a terceiros. 5) O acordo ou compromiso de incorporación e 6) Arbitraje do voluntariado.

O capítulo III regula o estatuto do voluntariado, establecendo un concepto amplo, que permite a participación de tódolos cidadáns cando de xeito libre e responsable adiquen o seu tempo libre a realizar actividades de interese xeral para a comunidade, no seo de organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, excluindo as situacións nas que medie relación laboral, funcionarial, administrativa ou mercantil, así como a familiar ou de boa vecindade. Tamén se detallan neste capítulo os dereitos e deberes das persoas voluntarias.

O capítulo IV regula a promoción e fomento do voluntariado.

Establece as competencias da Xunta de Galicia e das Corporacións Locais na aplicación da presente Lei, para facer efectiva unha política de fomento da actividade voluntaria e de participación dos cidadáns e cidadás.

Regúlanse medidas de promoción mediante a acción concertada, sinalando os requisitos que terán que reuni-los programas e proxectos, e establecendo un Plano galego para a promoción e fomento da acción voluntaria. A elaboración e seguemento do mesmo levarase a cabo a través do organismo previsto no artigo 24, e someterase ó informe do Consello Galego do Voluntariado.



Faise un recoñecemento explícito dos concellos no campo do voluntariado, nun marco xurídico no que poderán exercer libremente a súa iniciativa en materia de voluntariado social no seu ámbito local. Respóndese así ó principio da autonomía local para a xestión dos seus respectivos intereses e no ámbito das súas competencias, que lle permite promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios contribúan a satisfacer necesidades e aspiracións da súa comunidade veciñal.

A actuación do concello no campo do voluntariado ten na lei unha dobre vertente, en canto se lle recoñece a súa capacidade para dispor de agrupacións propias de voluntarios e se determina o amparo que debe prestar á iniciativa privada sen ánimo de lucro, colaborando con ela mediante o asesoramento técnico, a coordinación, a planificación no seu ámbito municipal e o apoio económico.

Finalmente, preténdese buscar unha coordinación de actuacións a nivel público, tanto dentro da Xunta de Galicia, como coa administración local.

O capítulo V crea o Servicio Galego de Voluntariado como organismo especializado en materia de voluntariado ó que se adscribe a comisión de arbitraje. Encoméndaselle a elaboración e seguimento do Plano galego de fomento e promoción da acción voluntaria, a xestión do sistema de rexistro autonómico de organizacións, así como desenvolve-las actuacións técnicas de promoción, investigación, asistencia e formación.

O capítulo VI regula o Consello Galego do Voluntariado, en canto órgano consultivo e asesor, adscrito á consellería con competencias en materia de administración local, onde estará representada a Xunta de Galicia, as entidades locais e as organizacións de acción voluntaria.

81

O capítulo VII regula a comisión de arbitraje, como instrumento de protección e defensa das partes que levan actuacións de voluntariado.

O capítulo VIII regula o rexistro de organizacións de voluntariado, a inscrición no mesmo será requisito para que as organizacións de voluntariado podan acollerse ás axudas que na lei se contemplan. A non inclusión no rexistro de organizacións de voluntariado non exime das obrigas que se contemplan na relación das mesmas cos voluntarios adscritos ós seus programas.

### **3.- OBSERVACIÓNS XERAIS**

1.- A Lei semella partir da existencia de dous tipos de organizacións a través das que pode producirse a actuación dos voluntarios: as privadas (as entidades legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica, art. 7) e as públicas (as agrupacións de voluntariado integradas no seo das Administracións públicas, art. 7)

2.- En relación coas primeiras, a Lei debería limitarse a promover, estimular, incentivar, apoiar (subvencións) as actividades desas organizacións de voluntarios de orixe “privada” que teñen por obxec-



to a prestación de servicios á comunidade de xeito altruista. Non a regular este tipo de organizacións, pois xa teñen unha cobertura legal na lexislación sobre asociacións (de interese público e, máis concretamente, de utilidade pública); todo o máis, debería limitarse a sinala-los requisitos que deben cumprir para seren merecedoras da asistencia pública e a regula-los mecanismos inspectores oportunos para asegura-lo cumprimento dos seus fins.

3.- En relacións coas segundas, a Lei debería clarexar, ante todo, de qué xeito estas organizacións de voluntarios poden ter unha orixe pública, é dicir, qué tipo de fórmulas xurídico-públicas poden permitir unha adscripción voluntaria dos particulares para participar (cooperar) en labores de prestación de servicios á comunidade. De xeito especial, debería sinala-los límites desta posibilidade en relación coa prestación dos servicios públicos encomendados á propia Administración, para que non se produza, a través destas “novas” fórmulas, unha deixación do exercicio daquelas funcións. De admitirse esta posibilidade, que sería “de cooperación na prestación de determinado tipo de servicios públicos”, a Lei tería que regularlas polo miudo en tódolos seus aspectos.

4.- Nun plano máis concreto, a Lei debería depurar con coidado os conceptos que manexa, en especial os de “voluntariado”, “áreas de interese xeral”, “fins e medios” das organizacións e “principios básicos das súas actuacións”. En ocasións, as expresións son de tal amplitude que calquer clube deportivo ou mesmo calquer ateneo cultural ou casino recreativo poderían, sen máis, encadrarse dentro das organizacións de voluntarios ás que a Lei pretende prestar atención.

82 4.1.- O concepto primordial a delimitar é o de fins da acción voluntaria. O Anteproxecto, ó describir con fórmula aberta ás áreas de interese xeral nas que poden enmarcarse as accións voluntarias, menciona as de “servicios sociais, saúde, protección civil, medio ambiente, educación, cultura, ocio e tempo libre, defensa dos dereitos humanos, xuventude, cooperación internacional e calquera outra que responda á natureza e fins de actuación do voluntariado” (art. 4). Determinar, xa que logo, cal é a natureza e os fins destas actuacións constitúe un presuposto inexcusable non só para amplia-la enumeración recollida no texto, senon tamén para matiza- las descritas.

4.2.- O Anteproxecto debería poñer máis o acento na idea do interese xeral e no carácter altruista e solidario da participación dos voluntarios nas accións emprendidas; é dicir, na idea de que o cumprimento (o resultado, a finalidade, en suma) da actividade emprendida (nunha calquera das áreas sinaladas) debe redundar en beneficio exclusivo da comunidade circundante (no ben común da sociedade) e de que a participación dos voluntarios na dita actividade ten lugar de xeito altruista (non egoísta) porque en ningún caso van ser eles os beneficiarios das actuacións realizadas nen van percibir pola súa participación contraprestación de ningún tipo (nin económica, por suposto, nin de ningunha outra índole: vg. artística, literaria).

#### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

O Consello Económico e Social de Galicia considera que debería substituírse en toda a lei o termo



“organizacións” polo de **“entidades”**, que fai referencia a un concepto xurídico máis amplo.

En relación o texto do anteproxecto de Lei de Voluntariado de Galicia, remitido ó CES polo presidente da Xunta de Galicia, o Consello Económico e Social entende que deberían contemplarse as seguintes modificacións na exposición de motivos e no articulado do mesmo:

**Exposición de Motivos, I, parágrafo 2º:** Debería aclararse a redacción deste parágrafo, en relación á esixencia dunha mellor calidade de vida, para dar cabida á posibilidade de complementariedade da iniciativa privada coa necesaria participación pública. O texto proposto é o seguinte:

*“Iste é máis determinante coa aparición de novas necesidades dos cidadáns, sexan as manifestadas ou aquelas sentidas pero non expresadas pola poboación, ante as limitacións do esforzo público e conscientes de que a atención e melloría da calidade de vida esixe **unha crecente participación pública, que debe complementarse coa participación privada**. Non se trata de deixar actuacións públicas, que van seguir sendo necesarias, senon atopar **un espazo de colaboración** coa actuación privada **que participe**, nunha manifestación de solidariedade, na **atención** de necesidades que afectan a sociedade.”*

**Exposición de Motivos, III, letra c:** O CES considera que cómpre delimitar as características das entidades de voluntariado social. Proponse a seguinte redacción:

*“c) (...) para reconducilo cara ás **entidades estables e democráticas** (...)”*

83

**Exposición de Motivos, III, letra d:** O CES considera tamén preciso concretar, entre os límites de actuación do voluntariado, que esta figura non pode encubrir fraude de dereitos laborais nin debe suplir ou destruír postos de traballo. A redacción do apartado podería ser a seguinte:

*“d) (...) pero que en ningún caso **poida utilizarse para encubri-lo fraude de dereitos laborais ou suplir ou destruír postos de traballo**.”*

**Exposición de Motivos, III:** Para concretar os puntos básicos nos que debe basearse e que sirvan de límite á regulación do voluntariado en Galicia, o CES considera que é necesario engadir varios parágrafos neste apartado:

*“f) **Deslinda-lo traballo voluntario do traballo asalariado, partindo do principio de complementariedade na actuación do voluntariado respecto das tarefas desenvolvidas polos profesionais do traballo social.**”*

*g) **Garantir que o voluntariado non pode nin debe suplir, substituír ou cubri-las deficiencias dos servizos públicos, no que respecta á garantía do efectivo disfrute de dereitos básicos para a dignidade humana, a igualdade de oportunidades e a remoción dos obstáculos que impiden a igualdade social.***



**h) Contribuir ó deseño, desenvolvemento e execución de políticas públicas, en colaboración con outros axentes sociais, que garantan o cambio social, tendo como eixes prioritarios a loita contra a pobreza e a desigualdade e a construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.**

**i) Impedir que se entenda ou utilice a acción social voluntaria como substitutiva da actividade profesional, de xeito que o traballo voluntario non sirva como pretexto para unha posible deixación de responsabilidades á hora de crear servizos públicos que respondan a demandas sociais.**

**Exposición de Motivos, IV, parágrafo 8º:** O CES considera que debe concretarse a facultade de exercer libremente a súa iniciativa no campo de voluntariado por parte dos concellos nun marco xurídico. A redacción proposta sería:

*“Faise un recoñecemento explícito dos concellos no campo do voluntariado **nun marco xurídico no que poderán exercer libremente a súa iniciativa** en materia de voluntariado no seu ámbito local. Respóndese así o principio de autonomía local para a xestión dos seus respectivos intereses e no ámbito das súas competencias, que lle permite promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer necesidades e aspiracións da súa comunidade veciñal.”*

84 **Artigo 1:** O Consello entende que neste artigo deben establecerse as características das entidades de voluntariado e tamén introducir no articulado o principio básico, xa recollido na Exposición de Motivos, de non deixación de responsabilidades das Administracións públicas. A nova redacción proposta é a seguinte:

*“Artigo 1. Obxecto.*

*A presente lei ten por obxecto regular, promover e fomenta-la participación solidaria dos cidadáns en actuacións **organizadas** de voluntariado **por medio de entidades estables, democráticas e sen ánimo de lucro**, así como ordena-las relacións entre as Administracións públicas e as ditas entidades, **sen que se faga deixación de responsabilidade desas Administracións no relativo á prestación de servizos públicos.**”*

**Artigo 3. 1., apartados 1 e 4:** Trátase de concreta-la maneira de realización das actividades desenvolvidas polo voluntariado en áreas de interese xeral. O CES propón a redacción seguinte:

- de maneira altruísta, desinteresada e solidaria.
- **sen encubrir fraude de dereitos laborais nin suplir ou destruír postos de traballo.**
- (...)
- **por medio de entidades estables, democráticas e sen ánimo de lucro.**
- **de acordo a** concretos programas ou proxectos de interese xeral.



**Artigo 3. 2.:** O CES considera preciso engadir outra actividade entre as excluídas do concepto de voluntariado. Sería a seguinte:

**- prestadas polos obxectores de conciencia no cumprimento da prestación social substitutoria.**

**Artigo 4:** Considérase que **a defensa e o fomento da economía** debe incluírse nas áreas de interese xeral do artigo 4. Existen exemplos de organizacións de voluntarios das que a súa misión é o apoio á xestión e administración de empresas mercantís e de economía social a través de organizacións estables e democráticas e cunha natureza solidaria e altruísta, que deben ter refrendo no contido concreto das áreas de actuación do voluntariado reguladas no anteproxecto.

**Artigo 6:** Considérase preciso engadir tres principios básicos nos que se fundamente a acción do voluntariado, con obxecto de que ésta quede delimitada con precisión no texto articulado.

**g) gratuidade e descentralización, procurando que as actividades do voluntariado se realicen o máis preto posible dos cidadáns e do seu entorno.**

**h) complementariedade respecto ó traballo realizado polos profesionais de acción social.**

**i) os programas ou proxectos promovidos por entidades de acción voluntaria non poderán ser realizados nin considerados como práctica, aprendizaxe nin experiencia profesional.**

**Artigo 7:** En concordancia coa redacción proposta neste dictame para o artigo 1 do anteproxecto de lei, e considerando que debe ademais suprimirse o termo “*fundamentalmente*” na referencia a actividade dos voluntarios, a redacción do presente artigo debería quedar como segue,

“Son **entidades** de acción voluntaria as legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica que, sen ánimo de lucro, **procuren a integración social dos seus asociados** e desenvolvan programas ou proxectos de voluntariado no marco das áreas de interese xeral do artigo 4, a través de persoas voluntarias.

**A condición de entidade colaboradora en voluntariado social manterase mentres se promovan e executen os ditos programas e proxectos, sen prexuízo do disposto no artigo 9 da presente lei.”**

**Artigo 8:** O CES considera que deben engadirse catro obrigas máis das organizacións respecto ás persoas voluntarias na relación recollida neste artigo. A primeira delas, que fai referencia á composición dos órganos de goberno e ó seu funcionamento democrático, debería encabeza-la lista. Proponse a seguinte redacción:

**“a) responder a principios democráticos e participativos na composición dos seus órganos e do seu funcionamento.**

**(...)**



**k) elaborar un estatuto que precise claramente os fins das mesmas e regule o desenvolvemento da actividade á que se adiquen, así como a relación entre a entidade e as persoas voluntarias que se integran nela. Este estatuto conterá, en todo caso, os dereitos e deberes de voluntarios e entidades de voluntariado recollidos na presente lei.**

**l) informar ós voluntarios sobre os fins e réxime de funcionamento da entidade.**

**m) facilita-la participación do voluntario na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveña.**

**n) as demais que se deriven da presente lei (...)**

**Artigo 9:** Ademais do incumprimento de obrigas, cómpre que o artigo recolla e contemple o posible incumprimento, polas entidades de acción voluntaria, dos fins, principios e programas das mesmas, o que afectaría tamén o mesmo título do artigo. O CES considera que se deben engadir dúas accións que poden dar lugar á revogación da condición de entidade colaboradora. A redacción proposta é a seguinte:

*“Artigo 9. Incumprimento de fins, principios, obrigas e programas.*

*O incumprimento reiterado polas entidades de accións voluntarias dos **fins, principios, obrigas e programas** establecidos no artigo anterior; **así como o incumprimento sustancial do deber de notificación dos proxectos de voluntariado social ou a falsidade ou inexactitude dos datos que se aporten e a existencia de remuneracións encubertas ós voluntarios**, verificados calquera deles polo órgano competente da Xunta de Galicia mediante expediente contradictorio, poderán determinar:*

*(...)*

86

**Artigo 11:** O CES considera que no acordo ou compromiso de incorporación das persoas voluntarias ás entidades deben engadirse os seguintes apartados:

*(...)*

**e) o responsable do proxecto no que colabora o voluntario.**

**f) os fins e obxectivos da entidade na que se integra.**

**Artigo 13, parágrafo 1:** En concordancia co proposto para os artigos 1 e 7, o CES propón unha nova redacción para o parágrafo 1 deste artigo. Así mesmo, considera preciso engadir un novo parágrafo:

*“Ós efectos desta lei, enténdese por persoa voluntaria toda persoa física que, de modo libre, altruísta e responsable, realiza actividades en favor dos demais ou de intereses colectivos, no seo de **entidades de acción voluntaria** e sen recibir ningún tipo de contraprestación económica.*

**A condición de voluntario será compatible coa de socio na mesma organización. As persoas que desenvolvan funcións como profesionais nunha organización ou teñan coa mesma relacións laborais, mercantís ou calquera outras suxeitas a retribución non poderán desenvolve-las mesmas funcións, en ningún caso, como voluntarios.**”





**Artigo 14:** O Consello considera que, na relación deste artigo, deben engadirse tres dereitos máis das persoas voluntarias. Ademais, cómpre concreta-lo disposto na letra f) do artigo. Proponse a seguinte redacción:

“(...)

*f) ser reembolsados dos gastos que lles poida ocasiona-la actividade de voluntariado se o desexan.*

(...)

*k) ser tratados sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.*

*l) non ser asignados á execución de tarefas alleas ós fins e natureza da entidade.*

*m) obte-lo cambio do programa asignado cando existan causas que o xustifiquen, dentro das posibilidades da entidade.”*

**Artigo 15:** É necesario concreta-lo contido do apartado b) deste artigo no que fai referencia á confidencialidade. A redacción proposta é a seguinte:

“(...)

*b) garda-la confidencialidade respecto da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade, mantendo segredo análogo ó profesional.*”

**Artigo 16:** A letra i) deste artigo debe adapta-la súa redacción ó proposto por este organismo para o artigo 9. En concordancia co mesmo, o CES propón a redacción seguinte:

*“i) establece-los criterios para o seguimento e inspección das entidades de acción voluntaria no relativo ó cumprimento dos fins, principios, obrigas e programas que se leven a cabo ó abeiro deste lei financiados con cargo ós fondos públicos.”*

**Artigo 18:** O CES considera que é necesario concreta-los aspectos que, como mínimo, deben conte-los programas e proxectos de voluntariado, engadindo estes aspecto no parágrafo 1 deste artigo. Á vez, o Consello considera que, no parágrafo 4 deste mesmo artigo –que pasaría a se-lo 5–, debe establecerse regulamentariamente a porcentaxe da actividade das persoas voluntarias que poderá ser computado polas entidades de acción voluntaria como parte da súa contribución á financiación dos programas.

*“1.- Son programas ou proxectos de voluntariado os especificamente elaboradas nas áreas de interese xeral do artigo 4 da presente lei e xestionados polas entidades de acción voluntaria. Nos programas de voluntariado social deben describirse os seguintes aspectos:*

*a) os fins e obxectivos que se propón a entidade ó integrar nas súas accións a voluntarios sociais.*

*b) os cauces xerais de formación e participación dos voluntarios, así como os mecanismos que se articulen para a súa captación e para a realización das súas actividades.*

*c) os establecementos, servicios ou proxectos concretos nos que se contará coa presenza de voluntarios sociais.*



d) a avaliación dos recursos humanos que se estimen idóneos para o desenvolvemento axeitado do programa.

e) os mecanismos de control, seguimento e avaliación, tanto do programa como da actuación dos voluntarios que interveñan.

2.- No marco do programa xeral de voluntariado establecido, as entidades deberán deseñar proxectos de voluntariado para cada unha das áreas de actuación. Estes proxectos haberán de conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

a) a formación que sexa esixible en función das tarefas encomendadas.

b) o responsable do proxecto e o equipo de profesionais de traballo social que participan nel.

c) a descrición das tarefas encomendadas ó voluntario.

(...)

5.- As organizacións de acción voluntaria poderán computar unha porcentaxe da actividade das persoas voluntarias como parte da súa contribución á financiación dos programas. A dita porcentaxe determinarase regulamentariamente e a actividade valorarase en función da natureza das súas tarefas e da súa dedicación.

6.- (...)"

**Artigo 19:** Cómpre facer referencia neste artigo ós requisitos que deben cumprir as entidades para acceder ás axudas e subvencións previstas. No mesmo senso, é necesario especificar que ditas axudas e subvencións se regulan na actual normativa xeral en vigor sobre as mesmas. O CES propón, a seguinte redacción:

88

"As Administracións públicas concederán axudas e subvencións para o fomento dos programas e proxectos de voluntariado de conformidade cos criterios e directrices do plan galego ó que se refire o artigo 23 da presente lei. **Ditas axudas e subvencións deberán regularse polo disposto no decreto lexislativo 1/99, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia.**"

**Artigo 21:** O Consello propón a supresión deste artigo, en concordancia coa proposta da observación xeral e da redacción dos artigos 1 e 7.

**Artigo 23:** Neste artigo, cómpre engadir un apartado 3 co obxecto de que a aprobación do plan galego para a promoción e o fomento da acción voluntaria sexa coñecida, con carácter informativo, polo Comité autonómico de emprego e seguimento da contratación laboral antes da súa aprobación polo Consello da Xunta. A redacción que propón o CES é a seguinte:

"O Plan galego para a promoción e o fomento da acción voluntaria deberá ser remitido, con carácter informativo, antes da súa elevación ó Consello da Xunta, ó Comité autonómico de emprego e seguimento da contratación laboral."



**Artigo 24:** Considérase que debería desenvolverse e aclararse a natureza do Servicio Galego de Voluntariado, organismo que se crea neste artigo.

**Artigo 25.2.:** O CES considera que neste marco legal debería determinarse un mínimo de funcións a desenvolver polo Consello Galego de Voluntariado, sen prexuízo de que todas aquelas que non se inclúan sexan determinadas no seu momento en virtude de desenvolvemento regulamentario. Polo tanto, o parágrafo 2 deste artigo debería quedar redactado do xeito seguinte:

“2.- Exercerá as funcións seguintes:

- a) informe e análise das actividades de voluntariado.
- b) informar preceptivamente os anteproxectos e proxectos de disposicións normativas de carácter xeral que afecten directamente ó voluntariado. O seu informe emitirase no prazo de quince días desde que sexa requerido.
- c) detectar e analiza-las necesidades básicas do voluntariado.
- d) asesorar e elevar á Administración pública galega propostas e iniciativas en relación ós distintos campos nos que se desenvolva a acción voluntaria, así como propoñe-los criterios que puideran considerarse preferentes da actividade subvencionadora dos programas de voluntariado.
- e) analizar e dirixir propostas á Administración pública galega sobre medidas de fomento do voluntariado.
- f) ser informado do seguimento e avaliación que realice a Administración pública galega sobre os programas de voluntariado, así como das subvencións que se outorguen.
- g) emitir un informe anual sobre o estado do voluntariado na comunidade autónoma galega.
- h) promove-la presenza dos axentes sociais nos órganos de participación existentes relacionados coa solidariedade.
- i) propoñer á Xunta de Galicia o regulamento de funcionamento do Consello.
- k) aproba-la memoria anual das súas actividades.
- l) todas aquelas que determine a súa normativa de desenvolvemento.”

**Artigo 26:** Debería modificarse a composición prevista para o Consello Galego de Voluntariado, co obxecto de reduci-la e simplificala e dar entrada no mesmo a representantes dos axentes sociais. O CES propón que os representantes das consellerías queden reducidos a seis, que as entidades locais teñan un só representante e que sindicatos e organizacións empresariais estean representados. O Consello considera que cómpre cambia-la forma en que son propostos os representantes das entidades de acción voluntaria. En consecuencia, a redacción proposta para este artigo é a que segue:

“1.- O Consello Galego de Voluntariado estará integrado por:

(...)

\* un representante, con rango de director xeral, das seguintes consellerías:

- Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude
- Sanidade e Servicios Sociais
- Xustiza, Interior e Relacións Laborais
- Educación e Ordenación Universitaria



**- Cultura, Comunicación Social e Turismo**

**- Medio ambiente**

\* **un** representante das entidades locais, designado pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

\* **seis** representantes das entidades de acción voluntaria inscritas no correspondente rexistro xeral, designados polas mesmas e nomeados polo presidente do Consello Galego do Voluntariado, a través dun sistema participativo que permita a presenza das entidades máis pequenas. En caso de non existir designación de todos ou parte dos ditos representantes, os mesmos serán designados pola presidencia deste consello.

\* **tres** representantes das organizacións sindicais.

\* **tres** representantes da Confederación de Empresarios de Galicia.

2.- A Secretaría estará ocupada polo responsable do Servizo Galego de Voluntariado, **con voz pero sen voto.**”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2000

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

90

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun



*Dictame*  
**2/00**

**DICTAME SOBRE O PROXECTO DE  
DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O  
PROCEDEMENTO PARA A CONSECUCIÓN  
DO PACTO AMBIENTAL EN GALICIA**

**1.- ANTECEDENTES**

1.- En data 4 de maio de 2000 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia sometendo a consideración deste organismo o borrador do *Decreto polo que se establece o procedemento para a consecución do pacto ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia*, para que polo Consello se emita Dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 5 de maio de 2000, á presidenta e ós membros da Comisión Sectorial nº 2, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Asimesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude do dictame.

3.- Nesa mesma data de 5 de maio de 2000, o presidente do CES deu conta ó conselleiro de Medio Ambiente do traslado da documentación á presidenta da Comisión Sectorial nº 2, para a elaboración da proposta de Dictame correspondente.

4.- Unha vez constituídos os novos órganos colexiados do CES, a Comisión Sectorial nº 2 encetou os traballos para o Dictame na súa sesión 5/00, de 15 de maio.

5.- En data 16 de maio de 2000 o presidente do CES, a solicitude da presidenta da antedita Comisión Sectorial, invita ó secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente a comparecer na sesión da Comisión para expoñe-lo contido do citado proxecto de Decreto. A comparecencia tivo lugar o día 22 de marzo, na sesión 6/00 da Comisión.

6.- Despois de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial acorda aproba-la proposta de Dictame, con data 8 de xuño, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

7.- En data 12 de xuño, o presidente do CES convoca á Comisión Permanente do organismo, que, reunida en sesión nº .3/00, de 16 de xuño, e tras coñece-lo texto remitido pola Comisión Sectorial, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.



8.- O Pleno do CES, na súa sesión 4/00, celebrada en data 26 de xuño, acorda aproba-lo seguinte:

### **DICTAME**

*Sobre o proxecto de Decreto polo que se establece o procedemento para a consecución do pacto ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia.*

### **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

O proxecto de Decreto estrutúrase en: Exposición de Motivos, nove artigos e dúas Disposicións finais.

Cada un dos artigos encabézase co contido dos mesmos, sendo así que o Proxecto de Decreto regula os seguintes contidos, enumerados respectivamente dende o artigo primeiro ó noveno: Obxecto do Pacto Ambiental, requisitos que debe reuni-la solicitude de Pacto, Informe e datos complementarios que pode solicita-la Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Proposta de Pacto Ambiental, Subscripción de Pacto, Contido do mesmo, Vixiancia e seguimento do Pacto, Beneficios que a subscripción do Pacto permitirá ás empresas e Resolución do Pacto.

92

A Disposición Final 1ª autoriza ó conselleiro de Medio Ambiente para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste Decreto.

A Disposición Final Segunda sinala a data de entrada en vigor do Decreto.

### **3.- OBSERVACIÓNS XERAIS**

1.- O pacto ambiental é a concreción, en termos de acordo entre empresas e administración pública, do sistema voluntario de xestión e auditoría medioambientais establecido no Regulamento CEE 1836/93 co fin de promover a mellora continua dos resultados das actividades industriais en relación co medio ambiente. A través deles, as empresas poden chegar a establecer e aplicar políticas, programas e sistemas de xestión ambientais nos seus centros de produción, dos que os seus rendementos van ser avaliados sistemática, obxectiva e periodicamente por medio da oportuna auditoría ambiental (cfr. art. 1 Decreto 185/99).

2.- O proxecto de Decreto desenvolve o artigo 2 j) e 25 da Lei 1/95, de 3 de xuño, de protección



ambiental de Galicia, e ámbolos dous artigos distinguen dous tipos de pactos ambientais:

a) Por unha banda, os pactos que se refiren a situacións con **plantexamentos ambientais conflictivos** que afecten a sectores sociais e económicos e nas que, mediante unha estratexia axeitada, se consiga a compatibilización das **necesarias medidas correctoras** coa viabilidade das empresas, **para as situacións máis conflictivas**.

b) Por outro lado, os que permiten **mellora-la imaxe pública** da empresa a través de instrumentos de defensa do medio ambiente **de implantación voluntaria**.

Á vista da existencia destes dous tipos de pactos, o CES destaca a ambigüedade na redacción do proxecto de Decreto polo que se establece o procedemento para a consecución do pacto ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta ambigüedade e xeralidade do proxecto baséase en que no mesmo non se deixa claro o carácter do pacto –necesario ou voluntario–, con tódalas consecuencias que desta distinción se derivan, das que a principal é establece-la acción administrativa na iniciativa do pacto: iniciativa obrigatoria, cando o pacto sexa necesario e se estableza para as situacións máis conflictivas, ou iniciativa voluntaria, cando o pacto se estableza para medidas preventivas ou correctoras e medidas de mellora da imaxe pública das empresas.

No articulado do Decreto, con carácter xeral, maniféstase esa ambigüedade nos seguintes artigos:

a) *Artigo 1º.- Obxecto:* según a redacción do mesmo, parece que sólo se contempla o pacto para establecer medidas preventivas, correctoras e de mellora, deixando a dúbida de se se pode establecer pacto para as situacións conflictivas, donde, en todo caso, habería que compatibiliza-las medidas correctoras coa viabilidade das empresas, (art. 2.j) Lei 1/95).

b) *Artigo 2.- Solicitud:* Tampouco no mesmo se clarexa a qué pacto se refire, xa que os requisitos da mesma serían axeitados cando o pacto ten carácter voluntario, pero, no caso de que fose necesario, sería preciso requerir, no parágrafo 2º, un previo informe técnico.

c) *Artigo 3.- Informes e datos complementarios:* No mesmo senso, a Administración deberá pedir ditos informes e datos, así como informe dos representantes directos dos traballadores na empresa e a existencia de verificadores, cando o pacto sexa necesario. Sendo así que a redacción proposta sería suficiente para o suposto de adoptar accións de mellora e, polo tanto, voluntarias.

d) *Artigo 8.- Beneficios:* Na mesma liña, neste artigo deberá (como veremos nas consideracións particulares) distinguirse tamén ós efectos dun ou doutro pacto. De ser necesario, as empresas que fosen sancionadas por sentenza xudicial firme por incumprimento medioambiental non poden valerse das medidas financeiras para eximirse do cumprimento da sanción imposta.

e) *Artigo 9.- Resolución:* Neste artigo, seguindo co mesmo criterio, deberían establecerse con claridade cales son as causas de incumprimento e as medidas legais e administrativas a aplicar, según sexa



un pacto necesario ou voluntario.

2.- O CES considera que, dado que existe un órgano consultivo da Administración Ambiental, creado por Decreto 155/1995, de 3 de xuño, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente, debería haberséelle solicitado informe sobre o Proxecto de Decreto sometido a Dictame. Isto en virtude das propias funcións do dito Consello, reguladas no art. 2 do Decreto de creación, e singularmente no parágrafo 5 de dito artigo:

*“O Consello Galego de Medio Ambiente terá as seguintes funcións:*

*(...)*

*5. Realiza-las suxerencias oportunas acerca do correcto cumprimento dos acordos internacionais, dereito comunitario e demais normativa, así como informar sobre as melloras que considere convintes en canto a súa aplicación”.*

En virtude do exposto, o CES considera que dito órgano consultivo, en virtude da súa normativa, debe realizar, ademais dos informes citados, a laboura de seguimento do correcto cumprimento do disposto no Proxecto é, en particular, ter mención expresa no art. 7 do mesmo, o que se refire a vixilancia e seguimento do Pacto Ambiental.

3.- O CES considera que se lles debe permitir ás empresas acadar unha consecución gradual do pacto, cando éste sexa de carácter necesario, por outros sistemas voluntarios previos que signifiquen unha ponte para chegar á aplicación do Regulamento 1.836/93, da CEE.

94

#### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

**Artigo 1.-** O CES considera que, según o comentado na observación xeral 1ª, debe deixarse claro no Proxecto de Decreto que a acción administrativa en materia de Pacto ambiental está encamiñada á consecución dun pacto para “as situacións mais conflictivas” así como acometer aquelas que poidan “mello-la imaxen pública das empresas” (...) (art. 25.1 da Lei 1/95, 2 de xaneiro de protección ambiental de Galicia). Partindo destes dous fins distintos, **debe establecerse un prazo máximo de consecución do pacto**, cando o mesmo se dirixe a “situacións mais conflictivas”.

Asimesmo, o CES estima oportuno que se deixe constancia no articulado da esixencia de conseguir a **compatibilización das medidas correctoras coa viabilidade das empresas**, en caso de pacto necesario en situacións conflictivas, e que este sistema se aplicará sen prexuízo das actuais normas e requisitos técnicos autonómicos, estatais e comunitarios en materia de controis medioambientales, e sen merma das obrigas a que están suxeitas as empresas en virtude de ditas normas e requisitos.

**Artigo 2.- Solicitud:** O CES estima, de acordo coa observación xeral 1ª, que, en caso de situa-





cións conflictivas e, polo tanto, **pacto necesario**, no parágrafo segundo debería incluírse a esixencia dun previo informe técnico, co que a redacción proposta sería:

“(…)  
A Administración ambiental poderá promover, **previo informe técnico**, cando as circunstancias (…).  
**O dito informe técnico non será esixible no caso de subscripción de pacto voluntario para acadar medidas protectoras, preventivas ou de mellora”.**

**Artigo 3.- Informes e datos complementarios:** De acordo co disposto na observación xeral 1ª, a petición dos mesmos deberá ser obrigada en caso de pacto necesario e facultativa en caso de pacto voluntario.

En relación o artigo 3.2, o CES considera que, cando o pacto sexa necesario, de acordo co exposto na observación xeral 1ª, **deberá solicitarse á empresa que se incorpore obrigatoriamente informe dos representantes directos dos traballadores da empresa e o exame da política, programa ou sistema de xestión da empresa por un verificador ambiental.**

Asimesmo considera que, cando o pacto sexa voluntario, a redacción proposta polo proxecto de Decreto resulta axeitada, coa salvedade de que, cando se refire (...) **ó exame da política, programa ou sistema de xestión da empresa por un verificador ambiental**, a esixencia de dito verificador debería **concretarse casuísticamente.**

**Artigo 5. 2.- Subscripción do pacto ambiental:** O CES considera que o parágrafo 2º de dito artigo debería rematar na expresión “(...) **a subscripción do pacto**”, xa que unha vez que a empresa dá a súa conformidade á proposta definitiva, non ten sentido que o conselleiro de Medio Ambiente denegue o seu outorgamento.

**Artigo 8.- Beneficios:** O CES estima necesario, en relación ó disposto neste artigo, e de acordo coa observación xeral 1ª, que aquelas empresas, en situación ambiental conflictiva, que houberen sido sancionadas por causa dun incumprimento medioambiental en virtude de sentenza xudicial firme, non se poidan favorecer das medidas financeiras que establezca a Comunidade Autónoma, toda vez que existe o risco de que o acollemento destas medidas minimize o cumprimento da sanción imposta, debendo quedar redactado de xeito claro que en ningún caso a empresa pode eximirse do cumprimento da sanción.

O CES considera que o texto deste artigo non fomenta a participación voluntaria das empresas para a adopción dunha política medioambiental axeitada porque, se ben por unha parte si enumera as obrigas do empresario ó establecer que deberá asumilo coste da inspección e seguimento do pacto ambiental así como das verificacións ambientais previstas no artigo 7 do decreto, por outra banda non detalla os beneficios ou vantaxes que terá para a empresa a suscripción deste pacto, polo que se debería concreta-lo contido das medidas económicas e financeiras que **“permitirá á empresa beneficiarse”** (...) do dito pacto.



**Artigo 9.- Resolución do Pacto:** Reitérase que debería recollese no mesmo o establecido na observación xeral 1ª, e elimina-la expresión “*pola empresa*”, no suposto de Pacto de carácter voluntario :

*“O incumprimento total ou parcial das prescricións” (...)*

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2000

## **5.- VOTO PARTICULAR**

*Voto particular que presenta la Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) al Dictamen sobre el proyecto de Decreto por el que se establece el procedimiento para la consecución del pacto ambiental en la Comunidad Autónoma de Galicia*

La Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) considera positiva la iniciativa de regular un procedimiento para la consecución del Pacto Ambiental previsto en la Ley 1/1995, de 2 de enero, como actuación encaminada a obtener acuerdos en los que se alcance la compatibilidad de las medidas preventivas y correctoras con la viabilidad de las empresas.

96 Reconociendo que, en general, la nueva redacción propuesta del articulado del Decreto por las observaciones particulares que se realizan en el texto del Dictamen mejora dicho principio, no obstante, esta representación empresarial manifiesta su posición discrepante a la actual redacción del Dictamen en el artículo 3 del proyecto (Informes y datos complementarios), que señala que:

"1.- A la vista de la documentación presentada (...) la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental podrá solicitar a la empresa la presentación de datos complementarios o aclaración de aquellos aspectos que estime pertinentes.

2.- Así mismo, podrá pedir la incorporación del informe del Comité de Empresa (...)"

En la redacción propuesta por el CES se modifica dicho precepto para señalar que "cuando el pacto sea necesario, de acuerdo con lo previsto en la observación general 1ª, deberá solicitarse a la empresa que incorpore obligatoriamente informe de los representantes directos de los trabajadores en la empresa y el examen de la política, programa o sistema de gestión de la empresa por un verificador ambiental".

Esto es, en estos supuestos se trataría de convertir un dato complementario en obligatorio, con la correspondiente obligatoriedad de los costes que dichos trámites ocasionan, que son siempre de cuenta de la empresa, incluyendo también el propio del verificador ambiental.

Hay que señalar además que se amplía el ámbito de las empresas afectadas por tal redacción, al no aludir sólo al Comité de Empresa, sino que se extiende al informe de los delegados de personal en aquellas empresas que no tengan Comité.



La vigente normativa laboral regula las competencias del Comité de Empresa, Delegados de Personal y Delegados Sindicales.

En primer lugar, tienen competencias de recepción de información que se refiere fundamentalmente a la actividad de la empresa, información económica, medidas de seguridad y salud, cumplimiento de las obligaciones de cotización a la Seguridad Social, contratación, horario y formas de pago de salario.

Y, en segundo lugar, el Comité o los Delegados de Personal deben emitir informe preceptivamente en el plazo de 15 días y con carácter previo a la adopción de las siguientes medidas:

- Reestructuración de plantillas y ceses totales o parciales, definitivos o temporales de aquella.
- Reducción de jornada.
- Traslado total o parcial de las instalaciones.
- Planes de formación empresarial.
- Implantación o revisión de sistemas de organización y control del trabajo.
- Estudio de tiempos, sistemas de primas, incentivos o valoración de puestos de trabajo.
- Cambio de status jurídico de la empresa por fusión, absorción o modificación de ésta que afecte al volumen de empleo.

Por lo tanto, se pretende crear una obligación para el empresario que va más allá de los actuales límites de la legislación laboral.

La redacción alternativa propuesta por esta representación trata de salvaguardar la voluntariedad de la empresa en la entrega a la Administración de dichos datos señalando:

*"Art. 3.-*

*2.- Así mismo podrá pedir la incorporación del informe del Comité de Empresa en los casos en que éste sea preceptivo según la vigente normativa laboral."*

Nota: Si tenemos en cuenta el vigente art. 64.1.4º del ET, fundamentalmente cuando la implantación de un sistema ambiental implique implantación o revisión de sistemas de organización y control del trabajo.

Santiago de Compostela, 23 de junio de 2000

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2000

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun





Dictame  
3/00

**DICTAME SOBRE O  
PROXECTO DE DECRETO POLO QUE  
SE REGULA A AUTORIZACIÓN E  
NOTIFICACIÓN DE PRODUCTOR E XESTOR  
DE RESIDUOS DE GALICIA E SE CREA O  
REXISTRO XERAL DE PRODUCTORES E  
XESTORES DE RESIDUOS DE GALICIA**

**1.- ANTECEDENTES**

1.- En data 4 de maio de 2000 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia sometendo a consideración deste organismo o borrador do *Decreto polo que se regula a autorización e notificación de produtor e xestor de residuos de Galicia e se crea o Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia*, para que polo Consello se emita Dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 5 de maio de 2000, á presidenta e ós membros da Comisión Sectorial nº 2, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Asimesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude do dictame.

3.- Nesa mesma data de 5 de maio de 2000, o presidente do CES deu conta ó conselleiro de Medio Ambiente do traslado da documentación á presidenta da Comisión Sectorial nº 2, para a elaboración da proposta de Dictame correspondente.

4.- Unha vez constituídos os novos órganos colexiados do CES, a Comisión Sectorial nº 2 encetou os traballos para o Dictame na súa sesión 5/00, de 15 de maio.

5.- En data 16 de maio de 2000 o presidente do CES, a solicitude da presidenta da antedita Comisión Sectorial, invita ó secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente a comparecer na sesión da Comisión para expoñe-lo contido do citado proxecto de Decreto. A comparecencia tivo lugar o día 22 de marzo, na sesión 6/00 da Comisión.



6.- Despois de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial acorda aproba-la proposta de Dictame, con data 8 de xuño, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

7.- En data 12 de xuño, o presidente do CES convoca á Comisión Permanente do organismo, que, reunida en sesión nº 3/00, de 16 de xuño, e tras coñece-lo texto remitido pola Comisión Sectorial, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

8.- O Pleno do CES, na súa sesión 4/00, celebrada en data 26 de xuño, acorda aproba-lo seguinte:

### **DICTAME**

*Sobre o proxecto de Decreto polo que se establece o procedemento para a consecución do pacto ambiental na Comunidade Autónoma de Galicia.*

## **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

100

Este decreto, que supón a refundición do Decreto 260/1998, do 10 de setembro, que regula a autorización de xestor de residuos sólidos urbanos e a inscrición no Rexistro Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, e o Decreto 263/1998, do 10 de setembro, que regula a autorización e crea o Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos Perigosos, estrutúrase en sete capítulos.

Na exposición de motivos do proxecto de decreto enuméranse as principais modificacións normativas introducidas no texto legal. A máis significativa delas é a substitución da autorización administrativa de xestor de residuos por unha simple comunicación ou notificación.

No capítulo I establécense ás normas xerais en materia de produción e xestión de residuos.

O capítulo II regula o réxime xurídico das actividades de produción e xestión de residuos sometidas a autorización administrativa e regula igualmente as autorizacións para a construción de instalacións de residuos sólidos urbanos, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia.

A regulación do réxime de notificacións para aquelas actividades de xestión que non estean sometidas a réxime de autorización administrativa regúlase no capítulo III, sometendo estas actividades a unha intervención administrativa máis lixeira.

O capítulo IV refírese á interposición do recurso de alzada.

As obrigacións establécense no capítulo V, distinguindo entre as obrigas daqueles produtores e



xestores que realizan actividades de xestión sometidas a autorización administrativa e as daqueles que só están obrigados a notifica-la realización da actividade de xestión.

No capítulo VI créase o Rexistro Xeral de Productores e Xestores de Residuos de Galicia, no que serán inscritos de oficio pola Administración as persoas físicas ou xurídicas que realicen calquera das operacións de produción ou de xestión de residuos reguladas neste decreto. O rexistro estrutúrase en dúas seccións denominadas ‘Dos residuos perigosos’ e ‘Dos residuos non perigosos’. Na Sección referente ós residuos perigosos inscribíranse as persoas físicas ou xurídicas titulares de instalacións de produción e xestores de residuos que se consideren perigosos de acordo coa definición do artigo 2 do presente Decreto e na referente ós non perigosos inscribíranse separadamente as actividades de xestión correspondentes ós residuos urbanos e municipais, os sanitarios, os industriais e os agrarios.

Por último, o Capítulo VII está adicado á Potestade Sancionadora da Administración. A potestade para a incoación e instrución dos procedementos sancionadores corresponderalle ó Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e a resolución dos expedientes será competencia deste no tocante ás infraccións leves, do Conselleiro de Medio Ambiente no caso de infraccións graves e finalmente do Concello da Xunta de Galicia no suposto de infraccións moi graves.

O proxecto de Decreto complétase con 3 Disposicións Adicionais, 3 transitorias, unha Derrogatoria dos Decretos obxecto de refundición, dúas Derradeiras e XVII anexos.

### **3.- OBSERVACIÓNS XERAIS**

1.- O CES considera que o proxecto de Decreto sometido a Dictame pode producir inseguridade xurídica con respecto á aplicación da Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, así como da Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos, en canto a que ámbalas dúas leis requiren a autorización administrativa e non deixan opción ó réxime de comunicación ou notificación que se establece no proxecto de decreto. Na lei galega esta obriga queda definida nos artigos 12 e 13, no que atinxe ós residuos sólidos urbanos. Na norma estatal (Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos, arts. 13 e 14) establécese que os residuos perigosos quedan sometidos a réxime de autorización polo órgano competente en materia medioambiental da Comunidade. Así o establece tamén o propio Decreto refundido neste texto 263/1998, de 10 de setembro, que regulaba este tipo de residuos.

Polo tanto, o CES considera que existe unha posible contradición entre o que establece o proxecto de Decreto e a normativa legal de rango superior polo principio de xerarquía normativa.

Deste modo, en todo o proxecto de Decreto, onde se fala de *notificación* ou *comunicación* debería falarse de *autorización*, polo que debería eliminarse no proxecto de Decreto o Capítulo III, das notificacións de actividades de produción e xestión de residuos, e os artigos 18 e 19 do mesmo.



2.- O CES considera que no proxecto de Decreto non aclara cales son os destinatarios obrigados á aplicación do mesmo e que debe quedar claro que debe afectar tanto á entidades privadas produtoras e xestoras de residuos como a entidades públicas.

3.- O CES considera que o contido deste Dictame debe ceñirse ó articulado do proxecto de Decreto, polo que os anexos ó mesmo non foron obxecto de análise.

#### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

**Artigo 2.-** O Consello Económico e Social de Galicia considera que cómpre engadir no listado de definicións deste artigo os conceptos definidos no artigo 3 da Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia. Os conceptos non definidos no proxecto son os seguintes: redución, recuperación, reutilización, reciclaxe, recollida selectiva, estación de transferencia, plantas de tratamento, tratamento, planta de compostaxe e talleres de recuperación de voluminosos e férricos.

102

**Artigo 3.-** O Decreto 460/1997, do 21 de novembro, que regula os residuos sanitarios, establece dúas categorías (I e II) de desechos que asimila ós residuos sólidos urbanos (RSU). É dicir, estes residuos asimilables ós RSU quedan fóra do ámbito do Decreto. Polo tanto, O CES considera que na redacción deste artigo do proxecto de Decreto non ten sentido a exclusión xeral de tódolos residuos sanitarios, porque algúns deles son asimilados ós RSU. Proponse a seguinte redacción:

*“Quedan excluídos do presente Decreto os residuos sanitarios (...), agás os das categorías I e II, que son asimilados no seu tratamento ós residuos sólidos urbanos.”*

**Artigo 4.-** O CES considera que a redacción deste artigo debe completarse cos conceptos definidos no artigo 3 da Lei 10/1997, do 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia, e mais co contido do seu artigo 9, sobre as actividades de formación e concienciación cidadá.

**Artigo 9.-** O CES considera que entre a documentación que debe acompañar á solicitude debería engadirse a *presentación dun plan de emerxencia exterior* no caso de que xurda algún risco no interior da empresa que afecte ó seu entorno.

**Artigo 11, letra o).-** O CES considera que a obriga de adoptar as precaucións en materia de seguridade esixidas pola lexislación aplicable vixente non só debe afectar ós xestores que realicen actividades





de eliminación de residuos, senon tamán *a todos aqueles que realicen as actividades recollidas no artigo 3 da Lei 10/1997*, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia.

**Artigo 12.-** O CES considera que, no parágrafo 1, debe amplia-lo período de caducidade de 15 anos, co obxectivo de non limitar excesivamente a expectativa empresarial nesta actividade.

**Artigo 26.-** En consonancia coa consideración feita neste Dictame para o artigo 3, debería aclararse, sobre os residuos sanitarios, que se refieren ás categorías I e II, correspondentes ós desechos asimilables ós residuos sólidos urbanos, definidos polos Decreto 460/1997, de 21 de novembro, polo que se regulan as condicións para a xestión de residuos sanitarios (art. 3 en relación co 4.2.1).

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2000

## **5.- VOTO PARTICULAR**

103

*Voto particular que presenta la Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) al Dictamen sobre el proyecto de Decreto por el que se regula la autorización y notificación de productor y gestor de residuos de Galicia y se crea el Registro general de productores y gestores de residuos de Galicia.*

La Confederación de Empresarios de Galicia considera positiva la iniciativa de regular en un único Decreto la autorización y notificación de productor y gestor de residuos y la creación de un Registro general de productores y gestores de residuos de Galicia.

No obstante, en los trabajos preparatorios del Dictamen se manifestaron dudas sobre la eventualidad de la aplicación de un procedimiento de notificación a pequeños productores de residuos tóxicos y peligrosos.

La Ley 10/1998, de 21 de abril, de residuos, señala que "queda sometida a autorización administrativa del órgano competente en materia medioambiental de la Comunidad Autónoma la instalación, ampliación y modificación sustancial o traslado de las industrias o actividades productoras de residuos peligrosos".

No obstante, ello no se compagina bien con los casos de empresas en las que la producción es accidental o reducida, para las que el régimen de notificación cumple el cometido de la simplificación admi-



nistrativa, salvaguardando siempre el control, a posterior, mediante inspección de la propia Administración.

Esta solución se ha arbitrado en CCAA como Castilla-León (Decreto 180/94), Extremadura (Decreto 133/1996), Comunidad Valenciana (Orden de 12 de marzo de 1998), Navarra (Decreto Foral 312/93) o Baleares (Decreto 36/98).

Por otra parte, ya el Decreto 263/1998, de 10 de septiembre, de la Consellería de Medio Ambiente, por el que se regula la autorización y se crea el Registro de Productores y Gestores de Residuos Peligrosos, en su art. 2º 1 A) establece que “estarán excluidos de la necesidad de pedir autorización los productores que en atención al volumen de su actividad determine la normativa estatal de desarrollo de la Ley 10/1998, de 21 de abril, de residuos”.

Esta última Ley derogó parcialmente el Real Decreto de 20-7-1998 de desarrollo reglamentario de la Ley Básica de residuos tóxicos y peligrosos en sus arts. 50, 51 y 56, pero no expresamente en el art. 22, que es el que regula la posibilidad de la notificación y registro en el supuesto de pequeños productores de residuos peligrosos.

Esta solución es coherente con el principio de simplificación administrativa que también debe operar en el ámbito ambiental. El régimen de autorización administrativa (sujeta a prórrogas y caducidades) es demasiado gravoso y genera inseguridad para aquellas actividades en las que la producción de dichos residuos es accidental, muy reducida, o bien se produce en actividades complementarias a la principal de la empresa.

104

Por este motivo, manifestamos nuestro acuerdo con la redacción actual del Capítulo III, propuesta por la Administración ambiental gallega

Santiago de Compostela, 23 de junio de 2000

---

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2000

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun



## Dictame 4/00

# DICTAME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE COLEXIOS PROFESIONAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

### **1.- ANTECEDENTES**

1.- En data 4 de setembro de 2000 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o borrador do *Anteproxecto de Lei de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia*.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 8 de setembro de 2000, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Asimesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, en data 5 de setembro, da entrada de solicitude de dictame.

3.- Despois de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial acorda aproba-la proposta de Dictame, con data 22 de setembro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

4.- En data 25 de setembro, o presidente do CES convoca á Comisión Permanente do organismo, que, reunida en sesión nº 5/00, de 2 de outubro, e tras coñece-lo texto remitido pola Comisión Sectorial, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do Dictame.

5.- O Pleno do CES, na súa sesión 5/00, celebrada en data 9 de outubro, acorda aproba-lo seguinte:

### **DICTAME**

*Sobre o anteproxecto de Lei de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.*

### **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

Segundo o anteproxecto presentado, a Lei consta de 33 artigos divididos en cinco capítulos nos que, sen prexuício da determinación do réxime legal dos colexios profesionais, se atende especialmente ó res-



pecto á súa autonomía de funcionamento.

O capítulo I, relativo ó ámbito de aplicación e ó exercicio das profesións ,recolle ás competencias da Comunidade Autónoma.

O capítulo II regula polo miúdo aspectos parcamente regulados na lexislación estatal, como o exercicio das competencias administrativas, as súas funcións ou relacións coa Administración, recollendo así mesmo os criterios manifestados pola xurisprudencia en cuestións como a apreciación do interese público para a creación dos colexios, a posible extensión dos mesmos ás actividades profesionais ou o alcance da intervención da Administración na aprobación dos estatutos dos colexios.

O capítulo III regula os consellos galegos de colexios profesionais, avanzando na regulación que dos mesmos se fixeran xa polo Decreto 161/1997, do 5 de xunio.

O capítulo IV recolle unha serie de disposicións comúns ós colexios profesionais e consellos galegos, completanto a escueta regulación estatal en materia de réxime xurídico, recursos e medios instrumentais.

O capítulo V dedica o seu único artigo, o 33, ó rexistro de colexios e consellos galegos de colexios profesionais, xa creado polo xa citado Decreto 161/1997, de 5 de xuño.

106 Por último, as disposicións adicionais, transitoria e finais diríxense a permiti-la progresiva adaptación dos colexios ás disposicións da Lei.

### **3.- OBSERVACIÓNS XERAIS**

1.- Como observación xeral ó Anteproxecto de Lei de Colexios Profesionais de Galicia sometido a dictamen, o Consello Económico e Social de Galicia manifesta as súas reservas sobre a necesidade da existencia de entes (distintos das asociacións ou sindicatos) representativos de intereses profesionais, que, co carácter de corporacións de dereito público, se constitúen para defender os intereses dunha determinada profesión e ós que se lles asignan finalidades de interese público, que poderían ser exercidas pola Administración.

2.- Dentro do marco legal básico actualmente vixente, o CES considera que o Anteproxecto de Lei de Colexios Profesionais de Galicia debería regular só as funcións dos colexios profesionais que teñen que ver coas finalidades de interese público que se lles asignan.

3.- Considerando a evolución da normativa dos Colexios Profesionais, a Lei 7/1997, de 14 de abril, sobre Medidas Liberalizadoras en Materia de Suelos y de Colegios Profesionales, establece que as Comunidades Autónomas garantizan que o exercicio de “profesións colexiadas” se realizará en réxime de



libre competencia e estarán suxeitas, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, como calquera outro subsector económico, á Lei sobre Defensa da Competencia, á Lei sobre Competencia Desleal e ó sometimento á xurisdicción do Tribunal de Defensa da Competencia. O R.D. Lei 6/2000, de 23 de xunio, liberaliza o ámbito territorial dos Colexios.

En ningunha normativa se establece as “profesións colexiadas”, nas que é obrigatoria a incorporación ó correspondente colexio para exercer a profesión porque realizan funcións que teñen que ver con finalidades de interese público.

O CES considera que, en defensa do libre exercicio da profesión e en cumprimento da defensa da competencia (con respecto as profesións nas que para o seu exercicio é necesario estar colexiado), a Administración debe garantir que se eliminen tódalas demais trabas ó libre exercicio da profesión que poidan establecerse nos estatutos dos seus Colexios Profesionais.

4.- O CES considera que a Administración, a través da regulación dos Colexios Profesionais, debe perseguir fundamentalmente a tutela do interese xeral, respecto á mellora dos servizos profesionais das profesións tituladas, e o respecto dos dereitos dos cidadáns que precisan os seus servizos, eliminando os posibles intereses corporativos dos colexios profesionais que afecten ós cidadáns, e as “limitacións” de acceso dos novos titulados ó mercado controlado polos colexios profesionais.

5.- O carácter democrático dos colexios profesionais debe garantirse na súa creación, composición, a súa estrutura interna e no seu funcionamento.

6.- Deben regularse os aspectos financeiros dos Colexios Profesionais, evitando a posibilidade de financiamentos irregulares (v.g.: pólizas...) e que se produza monopolo en prezos.

#### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

1.- O **apartado 3 do artigo 2** establece como requisito indispensable para o exercicio das profesións tituladas estar incorporado ó colexio correspondente. O CES considera que debe precisarse o concepto de “profesión colexiada” neste artigo, no sentido manifestado no informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, que entende como “profesión colexiada” aquela na que para o seu exercicio é esixible a colexiación e non aquela respecto da que existe un colexio profesional.

2.- De acordo coas consideracións xerais, no **apartado 4 do artigo 2** debe evitarse introducir requisitos adicionais á titulación axeitada definida polas súas leis de creación para ter dereito a ser admitido no colexio profesional correspondente, polo que se propón a eliminación de parágrafo: “... e reúna os requisitos establecidos polos correspondientes estatutos...”.



3.- O **artigo 8**, que define os fins esenciais dos colexios profesionais, asígnalles a representación exclusiva das profesións tituladas. O CES entende que a Lei confiou ós colexios un fin de servizo público concernente á súa organización, funcionamento, deontoloxía e defensa dos intereses profesionais dos colexiados, habilitándoos para percibir cuotas dentro do límite das súas obrigas legais e as súas devanditas misións de servizo público. A colexiación, cando é obrigatoria, debe ser compatible coa liberdade de constituir asociacións profesionais ou sindicatos ou afiliarse a eles. Co obxecto de non limitar as ditas liberdades, a norma non debe confiar ós colexios profesionais a representación exclusiva de intereses profesionais que poden ter tamén representación a través de asociacións ou sindicatos.

4.- O **apartado o) do artigo 9** define como función dos colexios profesionais o participaren nos órganos consultivos da Administración de Galicia cando ésta o requira ou así se estableza na normativa vixente. O CES propón a eliminación deste apartado porque considera que os colexios profesionais non deben participar nos órganos consultivos da Administración, polo seu carácter de corporación de dereito público, sometidos á tutela da propia Administración consultante.

5.- O **apartado 4 do artigo 11** establece como ámbito territorial mínimo dos colexios de nova creación a provincia. O CES considera que, para que a reestructuración do ámbito territorial sexa útil para correxir a dispersión actual, debe establecerse como ámbito territorial mínimo dos colexios de nova creación a comunidade autónoma, xa que non parecen relevantes, para o exercicio das profesións tituladas, as peculiaridades territoriais provinciais. Os actuais colexios deberían tamén adaptarse ó ámbito autonómico.

6.- O **artigo 17** establece o contido adicional dos estatutos dos colexios profesionais, ademais do esixible pola lexislación básica do Estado. O CES considera que debería establecerse como contido adicional que os estatutos dos colexios profesionais regulen os procedementos de disolución dos mesmos, en transposición do apartado 2º do artigo 4 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais.

7.- A **disposición transitoria** establece un prazo de un ano, desde a entrada en vigor da Lei, para adapta-los estatutos dos colexios profesionais ó establecido na mesma. O CES considera que se debería evitar que este prazo supoña unha prórroga adicional dos actuais estatutos pendentes de actualizar con respecto á Lei 7/1997, de 14 de abril, Sobre Medidas Liberalizadoras en Materia de Suelos y de Colegios



Profesionales, ó R.D. Lei 6/2000, de 23 de junio, ou ó Decreto 161/1997, de 5 de xuño, que regula os consellos galegos de colexios profesionais e crea o Rexistro de Colexios Profesionais e os seus Consellos. Debería establecerse un prazo de adaptación de seis meses, similar ó establecido no Decreto citado. Considérase tamén necesario establecer no texto da lei as responsabilidades administrativas e o réxime sancionador para o caso de que os colexios profesionais incumplan o prazo establecido para a adaptación dos seus estatutos.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2000

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun







## Dictame 5/00

# DICTAME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E DE RÉXIME ORZAMENTARIO E ADMINISTRATIVO PARA O ANO 2001

### **1.- ANTECEDENTES**

1.- En data 5 de setembro de 2000 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo dictame por este organismo, o borrador do anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo para o ano 2001.

2.- O texto do borrador foi enviado, nesa mesma data, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Asimesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, en data 9 de outubro, da entrada de solicitude de dictame.

3.- Despois das correspondentes sesións de traballo, a Comisión Sectorial acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 9 de outubro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

4.- O Pleno, reunido na súa sesión 5/00, o 9 de outubro, acordou delegar na Comisión Permanente a aprobación do dictame solicitado, para axiliza-la súa tramitación.

5.- Nesa mesma data de 9 de outubro, o presidente do CES convoca á Comisión Permanente do organismo, que, reunida en sesión nº 6/00, de 11 de outubro, e tras coñece-lo texto remitido pola Comisión Sectorial, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

### **DICTAME**

*Sobre o anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo para o 2001*

### **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

O anteproxecto sometido a dictame está estruturado en dous Títulos, con sete artigos, sete Disposicións Adicionais e dúas Disposicións Derradeiras. Utilizando as competencias normativas existentes en materia de tributos cedidos inclúense disposicións de carácter fiscal. Diversas modificacións que



afectan o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario recóllense no apartado dedicado ás normas presupostarias. E distintas referencias que inciden nas áreas administrativa e de xestión ocupan o espacio reservado ás disposicións adicionais.

No Título I da lei, referente ás normas tributarias, e coa finalidade de mellora-lo tratamento fiscal da natalidade, actualízanse en porcentaxes que representan desde o 20 ata o 50%, os importes das deducións que nos casos de nacemento ou adopción de fillos -equiparados plenamente a estes efectos- poden efectuarse sobre o tramo autonómico do imposto sobre a renda das persoas físicas, mentres que as deducións derivadas da posesión do título de familia numerosa se incrementan uniformemente en contía equivalente ó 50% sobre o ano anterior. Noutro sentido, son igualmente actualizadas as tarifas correspondentes a taxa fiscal que recae sobre o xogo de máquinas recreativas e de azar.

Dentro do ámbito que corresponde o Título II, a necesidade de perfecciona-lo tratamento normativo de diferentes aspectos que afectan o desenvolvemento da xestión presupostaria faise aconsellable introducir diversas modificacións no texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario.

Entre os cambios efectuados figura a variación das anualidades que poden comprometerse nos expedientes de gasto plurianual derivados de contratos de servizos e a supresión da referencia ós contratos de traballos específicos e non habituais, determinándose igualmente o número de anos ós que poden estenderse os contratos de consultoría e servizos que os substitúen. Todo iso para adaptarse ás modificacións introducidas na Lei de contratos das Administracións Públicas, que establece en dous anos, con carácter de normativa básica, a duración máxima dese tipo de contratos .

112

A posibilidade de xerar crédito no exercicio seguinte, cando o ingreso corresponda a fondos da Unión Europea ou da Administración Xeral do Estado aínda que non se destinen ó cofinanciamento de gastos, e por outra parte a extensión ás obrigas derivadas de sentencias xudiciais da posibilidade de que sexan aplicadas a créditos do orzamento vixente en cada momento, son tamén contempladas neste Título.

Por último, e polo que respecta as Disposicións Adicionais, destaca a creación, dentro do ámbito da Administración Institucional, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que se ocupará do fomento e coordinación do desenvolvemento das áreas rurais galegas e da xestión dos recursos destinados anualmente pola Comunidade Autónoma, a través da Lei de Orzamentos, a esa finalidade. As súas actuacións irán orientadas á procura da mellora de vida no medio rural, paliando desa forma o crecente proceso de despoboación que afecta sobre todo á Galicia interior.

Igualmente nesta parte da Lei recóllese a creación da escala de profesores do INEF de Galicia, como paso previo para regulariza-lo réxime de impartición deses estudos nas condicións previstas para as ensinanzas universitarias; declárase a utilidade pública das obras de mellora do abastecemento e saneamento de augas, acondicionamento de cauces fluviais e de aproveitamentos hidráulicos destinados á produción de enerxía eléctrica, realizadas polo organismo autónomo Augas de Galicia; establececese ó réxime xurídico que corresponde as fundacións públicas sanitarias; e amplíase durante un ano máis a vixencia de algunha das disposicións que xa figuraban recollidas no ano anterior.



### **3.- OBSERVACIÓN XERAL**

Como xa ocorrira o ano anterior, o Dictame do Consello Económico e Social de Galicia sobre este anteproxecto de lei tivo que ser elaborado nun prazo moi corto, inferior ó que establece a normativa de creación do CES. Por esta causa, o Dictame céntrase naquelas consideracións ou observacións ó articulado especialmente salientables, sen entrar noutros aspectos.

O CES estima que, aínda que polas particularidades da tramitación parlamentaria do anteproxecto algúns dos seus puntos non podan estar rematados ata o último momento, este organismo debería ter acceso ó fundamental do seu contido con tempo suficiente para cumprir cos prazos regulamentarios, de xeito que non sexa necesario delegar a aprobación do Dictame na Comisión Permanente, na que non están representados tódolos entidades ou asociacións membros do CES.

### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

Tendo en conta a observación xeral, o Consello Económico e Social de Galicia considera que no anteproxecto de Lei de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo para o ano 2001 deberían terse en conta as seguintes observacións particulares:

**1.-** Dentro dunha política de apoio á natalidade, o artigo 1º establece diversas deducións da cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas que poderán facerse efectivas por nacemento de fillos ou adopción e nos supostos de titularidade de familias numerosas.

O CES considera que os mecanismos fiscais de apoio á natalidade exclúen ós colectivos máis desfavorecidos que, por un baixo nivel de renda, non terían posibilidade de acceder a ditas deducións, polo que daría lugar a unha falta de equidade no obxectivo a acadar, que é o apoio a natalidade por nacemento, adopción e nos supostos de familia numerosa.

En consecuencia, o Consello considera que se debería complementar o mecanismo de medidas fiscais de apoio ó fomento da natalidade con outros mecanismos alternativos a través dunha rede de asistencia pública (garderías, comedores...)

O CES estima tamén que, nas deducións da cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, debería establecerse unha graduación das mesmas en función do nivel de renda dos beneficiarios.

**2.-** Na Disposición adicional Terceira se establece a declaración xenérica de utilidade pública de diversas obras do organismo autónomo “Augas de Galicia”.



O punto dous establece o recoñecemento de utilidade pública en cada caso concreto por acordo da Xunta.

O CES considera que no punto Dous cómpre incluír especificamente que as obras de aproveitamento hidráulico e hidroeléctrico deberán facer referencia explícita a tódolos impactos das correspondentes actuacións, de acordo coas previsións do Plan Hidrolóxico, e tendo en conta as previsións da Lei 50/97, de 27 de decembro, de regulación do sector eléctrico.

### 3.- A Disposición adicional Sexta regula a creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

O CES considera que a creación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGDR) parte dunha filosofía axeitada. Sen embargo, semella que é unha medida aislada para actuación coordinada no medio rural. A creación dunha axencia destas características debería ser o instrumento da implementación dun **plan estratéxico específico do sector primario** para actuar neste eido. Neste senso, o CES manifestou a seguinte opinión no seu dictame 1/99, sobre o PEDEGA (2000-2006):

“O CES considera que aínda que o peso do sector primario sexa o condicionante estrutural máis importante para efectuar previsións máis optimistas sobre os escenarios futuros do crecemento e o emprego en Galicia, é tamén necesario recoñecer as limitacións externas ó que está sometido: OMC, PAC, sobreexplotación e limitación de caladoiros. Neste senso considérase necesario unha especial concreción das medidas previstas no PEDEGA sobre ós complexos primarios, a través dun **plan estratéxico específico do sector primario** que facilite a súa transformación”.

Deste xeito, o cometido da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural sería a aplicación dese imprescindible plan.

O CES considera que esta iniciativa debería haber sido negociada previamente polos axentes económicos e sociais afectados.

### 4.- No punto 4.- da Disposición adicional Sexta plantéxase a eventual creación dun Consello Asesor para a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

O CES considera importante esa figura, de forma que se constitúa no órgano de participación dos representantes económicos e sociais afectados polas decisións que tomaría a axencia. En consecuencia, o CES considera oportuno que se establezca na normativa a efectiva creación dese Consello Asesor, coa representación prevista.

### 5.- Na Disposición adicional Sétima establécese ó réxime xurídico que corresponde ás Fundacións públicas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A opinión do CES sobre as “novas formas de organización e xestión sanitaria” foi manifestada



no informe 3/99 deste organismo, sobre “A situación sanitaria de Galicia”, na seguinte consideración:

“12.- Asumindo a necesidade de introducir cambios nos sistemas de organización e xestión dos dispositivos asistenciais que, preservando os principios de equidade e calidade da oferta sanitaria pública, signifiquen melloras na eficiencia e na lexitimación social (eficacia social) do propio sistema sanitario público diante dos cambios culturais, sociais e económicos da sociedade, considérase que a implantación ou funcionamento das **novas formas de organización e xestión** deberían garanti-los seguintes requisitos:

- a) mante-lo carácter de servizo público;
- b) coherencia co entorno da área sanitaria onde se integren, cos seus fins e cos seus procedementos de avaliación e control público;
- c) non xeraliza-la implantación das actuais experiencias destas novas formas de organización e xestión sen un exhaustivo seguimento e avaliación, comprobando se están a cumprir cos obxectivos para as que foron establecidas.
- d) desenvolvemento e aplicación do marco xurídico básico estatal e da Comunidade Autónoma, como garantía de equidade e transparencia da súa xestión”.

En consonancia co que se sinalaba no apartado d) da consideración citada, a Disposición adicional Séptima do anteproxecto de Lei obxecto de dictame merece unha consideración positiva, no senso de que parece que pretende axusta-lo marco xurídico das fundacións da Comunidade Autónoma de Galicia ó marco xurídico estatal.

O CES considera necesario proceder á definición do modelo de organización e xestión dos Centros Sanitarios con garantías de estabilidade e continuidade, obviando unha diversificación de formas de xestión sen desenvolvementos normativos que concreten e garanten os requisitos da consideración referida.

6.- O anteproxecto dispón que as fundacións sanitarias constituídas por la Comunidade Autónoma se transformarán... en fundacións de titularidade e natureza pública. Pero as existentes son xa de titularidade pública, porque foron constituídas e dotadas patrimonialmente pola Xunta de Galicia; e a natureza pública depende do sometemento a normas de carácter público, tema que non depende dunha decisión das fundacións senon do poder lexislativo ó declararllas sometidas a normas (as que sexan) de dereito público.

O CES considera que o primeiro apartado da Disposición Séptima debería redactarse coa seguinte fórmula:

*“As fundacións sanitarias constituídas pola Comunidade Autónoma ou que no futuro sexan constituídas son de titularidade e natureza públicas e quedarán sometidas, no non previsto na presente disposición, ás normas reguladoras das entidades públicas empresariais contidas na Lei 6/1997, sobre Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado”.*

De non facelo así, esta Disposición adicional Séptima debería especifica-las normas ás que haberá de suxeitarse o proceso de transformación.



O Consello considera que podería engadirse tamén que *“No prazo máximo de seis meses, as fundacións sanitarias actualmente existentes deberán adapta-los seus estatutos, na medida que fora necesaria, á nova situación”*.

7.- O punto 2 da Disposición adicional Sétima establece que a creación, modificación e extinción das fundacións sanitarias públicas sexa aprobada por Decreto do Consello da Xunta, por proposta do conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais.

O CES considera que, tendo en conta que as fundacións públicas sanitarias se configuran como a adaptación ó ámbito sanitario das entidades públicas empresariais, reguladas na Lei 6/1997, de 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado (RD 29/2000, de 14 de xaneiro, sobre novas formas de xestión do Insalud), debería engadirse neste punto, como garantía de estabilidade, continuidade do modelo de xestión dos Centros Sanitarios, e do necesario consenso político, que a creación das ditas fundacións públicas sanitarias se efectuase mediante Lei votada no Parlamento.

8.- No punto 4 establécese que a relación xurídica do persoal ó servizo das fundacións públicas sanitarias é de carácter laboral.

O CES considera que debe tenderse á homoxeneización das condicións do réxime laboral do persoal ó servizo das fundacións públicas sanitarias coas condicións do réxime estatutario que son materias de regulación básica e común para todo o persoal do Sistema Nacional da Saúde e a equiparación das súas condicións de selección, provisión, laborais e retributivas co persoal da rede pública sanitaria (Sergas) desenvolvendo procesos específicos de integración

116

9.- Por último, o CES insiste na derradeira consideración do seu informe sobre *“A situación sanitaria de Galicia”*, na que sinalaba que

*“as necesarias adaptacións do sistema sanitario público ás diferentes situacións históricas (económicas, sociais e culturais), para seguir mantendo a súa lexitimidade no cumprimento dos principios constitucionais de equidade, eficiencia e economía, deben instrumentarse a través do pacto social e do consenso político”*.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2000

Vº. e P.

O PRESIDENTE

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun



*Dictame*  
**6/00**

## **DICTAME SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA PARA GALICIA**

### **1.- ANTECEDENTES**

1.- Con data 10 de novembro de 2000, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio do Presidente da Xunta de Galicia, sometendo a consideración deste organismo, polo trámite de urxencia, o borrador do Anteproxecto de Lei de modificación da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia, co obxecto de que o CES emitira o correspondente dictame de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi remitido o luns, 13 de novembro de 2000, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, competente para emitilo dictame por razón de materia. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada do texto do borrador do anteproxecto e do comezo dos traballos.

3.- Nesa mesma data, o seu Presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o luns, 20 de novembro, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- Tra-lo estudio do texto remitido pola Presidencia da Xunta de Galicia ó longo de varias sesións de traballo, a Comisión Sectorial nº 1, na súa sesión 14/00, de data 30 de novembro de 2000, aprobou a proposta de Dictame e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- En data 28 de novembro, o Presidente do Consello convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida na súa sesión nº 8/00, de 30 de novembro, en trámite de urxencia, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do dictame.

6.- O Pleno do CES-Galicia, na súa sesión 7/00, de 4 de decembro, acorda aprobar por unanimidade o seguinte:

### **DICTAME**

*Sobre o Anteproxecto de Lei de modificación da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia.*



## **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

1.- Os obxectivos do anteproxecto de Lei de modificación da Lei de Concentración Parcelaria son, entre outros, os seguintes:

- “Clarifica-lo procedemento ó sistematiza-las súas fases, establecéndose como tales as Bases e o Acordo de Concentración Parcelaria, (...) configurándose as antigas fases do procedemento (...), como simples trámites para a consecución de aquelas”.

- “Regula-la nova composición das Xuntas Locais de concentración parcelaria (...) co obxecto de axiliza-la tramitación do proceso(...)”.

- “Aumenta-las maiorías requiridas para inicia-lo proceso concentrador a petición dos interesados(...)”.

-“Engadir, entre os requisitos esixidos para forma-lo estudio de viabilidade de unha zona, a esixencia de recoller unha relación de áreas de especial importancia (...)”.

- “Regula-la concentración das masas forestais”.

- “Modificar substancialmente o articulado da Lei 10/1985 no referente ó Fondo de Terras (...)”.

- “(...) Incluir na presente Lei un réxime sancionador (...)”

- Dar solución “ á situación de aquelas zonas de concentración parcelaria (...) nas que o proceso, por diversos motivos, quedou paralizado despois de levarse a cabo algúns dos seus trámites, sendo legalmente ata agora imposible continua-lo seu procedemento”.

118

2.- O contido do Anteproxecto de Lei de Modificación da Lei de Concentración Parcelaria estrutúrase en catro artigos, dúas disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

No artigo primeiro sinálanse as modificacións do articulado da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia; no artigo segundo introdúcese o novo Título VII, baixo a rúbrica “Infraccións e sancións”; no artigo terceiro determináanse as modificacións da parte final da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia; e, por último, no artigo cuarto sinálanse as modificacións de capítulos da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia.

Para clarifica-las modificacións dos Títulos e artigos do Anteproxecto de Lei de Modificación da Lei de concentración Parcelaria sometido a Dictame, a estrutura do novo texto legal proposto quedaría como sigue:

• O Título preliminar e o Título I ( “Disposicións xerais”), que englobaban os artigos 1 ó 8 na Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, refúndense no Título I, que ten como rúbrica “ Disposicións Xerais” e que comprende os artigos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8 da Lei, sufrindo modificación os artigos 3, 4, 6, 7 e 8 da Lei 10/1985; destacando así mesmo, a incorporación do artigo 5 bis, que se corresponde co artigo 19 da antiga Lei 10/1985.

• O Título II, Capítulo I, non modifica a súa rúbrica “Órganos” nin os artigos incluídos, 9, 10 e 11,





aínda que si existen modificacións no contido deles, destacando tamén a inclusión do artigo 10 bis que se corresponde co antigo artigo 11, e o artigo 11 que se corresponde co antigo artigo 10.

- Modifícase a rúbrica do Capítulo II do Título II, que de denominarse “Competencias das Xuntas Locais e Grupos Auxiliares de Traballo” pasa a denominarse “Competencias das Xuntas Locais de Concentración Parcelaria”. Por outro lado, aínda que os artigos comprendidos seguen a se-los mesmos, nº 12, 13 e 14, modifícase parcialmente o seu contido.

- Modifícanse os capítulos do Título III relativo ó “Procedemento ordinario”, que quedarán do xeito seguinte:

- O capítulo I, rubricado anteriormente “ Normas xerais”, pasa a denominarse “Fases do procedemento de concentración parcelaria”, correspondendo a este capítulo en ámbolos dous casos tan só o artigo 15 que, ó igual que a rúbrica, modifícase no anteproxecto obxecto de Dictame.

- O capítulo II, rubricado anteriormente “ Iniciación”, pasa a denominarse “Bases da Concentración Parcelaria”. A Lei 10/1985 incluía neste capítulo os artigos 16 e 17; sen embargo, o anteproxecto de Lei de modificación da Lei de Concentración Parcelaria inclúe os artigos 16, 17, 18, 19, 20, 20 bis, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28 e 29, dos que manteñen exactamente o seu contido os artigos 24, 25, 26 e 29; modifícanse parcialmente, por agregación de novidades ou por eliminación de parte do contido, os artigos 16, 17, 18, 20, 21, 22, 23 e 27, e por último os artigos 19, 20 bis e 28 son completamente novos.

- O capítulo III, modifica, como no caso anterior, a rúbrica e o articulado incluído, pasando a denominarse “Acordo de Concentración Parcelaria”, antes “Estudio de Viabilidade”, e incluíndo os artigos 30, 31, 32, 33 e 34, cando antes incluía os artigos 18 e 19. Os cinco artigos agora incluídos están, ben modificados totalmente como é o caso do artigo 32, ou ben a modificación é parcial como acontece nos restantes catro artigos.

- O capítulo IV, antes rubricado “Decreto”, pasa a denominarse “Publicacións e comunicacións”. Na estrutura da Lei 10/1985 incluía o artigo 20, agora inclúe os artigos 35, 36, 37 e 38, modificados parcialmente todos agás o artigo 38, que mantén o mesmo contido que na Lei 10/1985.

- O capítulo V, “Bases provisionais”, pasa a rubricarse “Revisión”. No que ó articulado respecta, pasa de comprender os artigos 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27 e 28 a incluír os artigos 39, 40, 41, 42 e 43 , producíndose só modificacións parciais no artigo 41, e manténdose inalterados os demais.

- O capítulo VI pasa de denominarse “Bases definitivas” a “Execución do acordo”, pasando así mesmo de incluír o artigo 29, a estar incluídos nel os artigos 44, 45 e 46, sufrindo modificacións parciais os dous últimos e manténdose inalterado o artigo 44.

- O Título IV mantén inalterada a rúbrica “Efectos e conservación da Concentración”, modificándose os artigos que se inclúen, pasando de estar constituído polos artigos 47, 48, 49, 50, 51 e 52 a incluír os artigos 46 bis, 47, 48, 48 bis, 49, 50, 51 e 52; destes artigos só manteñen totalmente o seu contido o 48 e 49, modifícanse parcialmente o 47, 50, 51 e 52, e, por último, a modificación é total nos artigos 46 bis e 48 bis.



- O Título V: Capítulo I mantén inalterada a súa rúbrica, “Procedementos especiais e simplificados”, pero amplía o seu articulado, pasando de comprender os artigos 53, 54, 55 e 56 a incluír ademais os artigos 52 bis e 56 bis, que supoñen unha modificación completa, mentres que os artigos 54, 55 e 56 modifícanse parcialmente e o artigo 53 mantén exactamente o seu contido.

- O Capítulo II do Título V, denominado “ Concentracións de carácter privado”, mantén inalterados tanto a súa rúbrica coma o seu articulado, artigos 57, 58, 59 e 60, agás unha modificación parcial no contido do artigo 57.

- O Título VI, rubricado na Lei 10/1985 “Obras e melloras territoriais” e incluíndo os artigos 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69 e 70, non varía a súa denominación e inclúe a mesma numeración dos artigos agás o 70, sen embargo as modificacións no contido dos mesmos son numerosas:

- O artigo 61 do anteproxecto de modificacións da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia correspóndese parcialmente cos artigos 61, 63, 65 e co apartado dous do artigo 2 da Lei 10/1985.

- O artigo 62 está parcialmente modificado correspondéndose co mesmo artigo da Lei 10/1985.

- O artigo 63 correspóndese co artigo 66 da Lei 10/1985 modificado de xeito parcial.

- O artigo 64 correspóndese co artigo 67 da Lei 10/1985 modificado parcialmente.

- O artigo 65 correspóndese co artigo 68 da Lei 10/1985 modificado parcialmente.

- O artigo 66 correspóndese co artigo 69 da Lei 10/1985 modificado de xeito parcial.

- O artigo 67 correspóndese co artigo 70 da Lei 10/1985 modificado parcialmente.

- O artigo 68 é unha modificación total da Lei 10/1985.

- Introdúcese un novo Título VII, baixo a rúbrica “Infraccións e sancións”, comprendendo os artigos 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75 e 76, que, por non estar contemplados na Lei 10/1985, supoñen unha modificación total á mesma.

- As Disposicións Adicionais terceira e cuarta da Lei 10/1985 quedan sen contido e inclúense catro Disposicións Transitorias, unha Derrogatoria e unha Disposición Final.

### **3.- OBSERVACIÓNS XERAIS**

1.- Como primeira observación xeral ó Anteproxecto de Lei de Modificacións a Lei de Concentración Parcelaria para Galicia, o CES considera oportuno e necesario o dito anteproxecto para, como di a súa exposición de motivos, resolver algúns problemas que afectan á rendibilidade económica e social da actividade agraria galega, dado que a aplicación da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria de Galicia, non parece, desde hai tempo, o instrumento axeitado para resolvelos.

O CES considera que unha Lei de concentración parcelaria debe se-lo alicerce dunha futura lei que



regule a ordenación integral do territorio e as actividades productivas agro-rurais, integrando tódalas políticas de desenvolvemento rural.

2.- Tendo en conta que a verdadeira restricción da concentración parcelaria é o seu financiamento, o CES considera que a clave do éxito dos procesos de concentración parcelaria está na priorización das zonas onde a concentración vaise realizar, de xeito que sexa útil ó obxectivo de acadar a rendibilidade económica e social da actividade agraria galega.

Neste senso, considérase positivo que neste anteproxecto se contemplen os plans de aproveitamento de cultivos e os plans forestais das zonas a concentrar. Sería necesario que se desenvolvese máis o contido e o alcance dos plans de aproveitamento de cultivos, dado que no anteproxecto están regulados con carácter obrigatorio e o seu incumprimento está tipificado como infracción grave.

Débase coidar tamén a coordinación dos procedementos de concentración parcelaria cos plans de ordenación urbana mediante acordos coas administracións afectadas. O CES considera que as concentracións parcelarias que afecten a “zonas periurbanas” non deben acometerse de xeito prioritario. A prioridade da concentración parcelaria debe afectar ás zonas eminentemente agrícolas.

3.- O CES considera que as obrigas que o anteproxecto de Lei sometido a Dictame, impón ós titulares das fincas concentradas, incluíndo a nova tipificación de “infraccións e sancións” contida neste anteproxecto non deberían manterse máis alá dos prazos que deben establecerse obrigatoriamente para cada fase do expediente de concentración parcelaria:

- Na fase de inicio do procedemento de concentración parcelaria, o prazo entre a presentación da solicitude e a apertura de información polo servizo provincial correspondente, establecido no artigo 16, non debería supera-los sesenta días.
- No Decreto de concentración parcelaria debería concretarse un prazo global máximo que, en todo caso, non podería supera-los catro anos dende a publicación do Decreto de concentración parcelaria ata a publicación do acordo de concentración, polo que debería modificarse neste senso o apartado dous do artigo 20.
- Os prazos establecidos no apartado 1 da disposición transitoria primeira para declarar de oficio caducados os expedientes de concentración parcelaria pola Consellería competente deberían establecerse como norma para calqueira expediente de concentración.

4.- O CES manifesta as súas reservas sobre a oportunidade de prescindir dos “grupos auxiliares de traballo”, unificando nas xuntas locais de zona tanto a colaboración na preparación das bases provisionais e definitivas (clasificación de terras, etc.) como informando ós recursos de alzada contra as ditas bases definitivas.

5.- O CES considera que as especiais características das zonas de cultivos de viñedo (orientación, tipos de terra, sistemas de produción...) requirirían a súa regulación específica dentro deste anteproxecto de Lei sometido a Dictame.



6.- O CES considera que debe excluirse da posibilidade de contratar con empresas privadas os informes técnico-xurídicos previos para a resolución dos recursos contra as bases e os acordos de concentración parcelaria, que, en todo caso, deben ser realizados directamente pola Administración.

7.- O CES considera importante ampliar as competencias das Xuntas Locais de Zona. Neste senso, entende que debe corresponderlle ó pleno da Xunta Local de Zona aprobar os proxectos de concentración sobre plans de cultivo, plans de obras e melloras territoriais e informar os recursos de alzada contra o Acordo de Concentración Parcelaria.

8.- No artigo 5, establécese que “procurarase” cumprir unha serie de criterios no expediente de concentración parcelaria en defensa dos propietarios das fincas afectadas polo acordo de concentración. O CES considera importante o cumprimento dos criterios expresados neste artigo, polo que propón o cambio da expresión “procurarase” por outra máis esixente, como *“deberase”*.

9.- No artigo 31 do anteproxecto de lei sometido a dictame establécese que a titularidade dos bens e dereitos que constitúen o fondo de terras corresponderá á Comunidade Autónoma de Galicia. O CES considera que debería figurar na exposición de motivos do anteproxecto o recoñecemento das parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, debería abrirse a posibilidade de regular, na vindeira lexislatura, o recoñecemento da personalidade xurídica da parroquia rural, co obxectivo de que podan ser titulares dos bens e dereitos que constituén os fondos de terras nos procedementos de concentración parcelaria.

#### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

1.- No artigo 3 do anteproxecto de Lei establécense as obrigas dos titulares das fincas concentradas de conformidade á función social á que está suxeita a propiedade privada, establecendo, no apartado b), manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínimo no acordo, coas excepcións do artigo 52. Este apartado establece que corresponde á Consellería competente a sinalización da unidade mínima de cultivo para a zona.

O CES considera que neste apartado do anteproxecto de Lei debería citarse o artigo 23 da Lei 19/1995, de 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, pola que corresponde á Comunidade Autónoma determina-la extensión mínima de cultivo para secaño e regadío nos distintos municipios, zonas e comarcas do seu ámbito territorial. Neste senso, a Comunidade Autónoma de Galicia, no seu Decreto 330/1999, de 9 de decembro, estableceu as actuais unidades mínimas de cultivo para Galicia.

2.- No artigo 4 establécense as circunstancias das zonas que terán prioridade a efectos dos procedementos de concentración parcelaria.



O CES considera que, dentro do apartado 3 deste artigo, se debería cambiar a orde das circunstancias que dan lugar á declaración de prioridade das zonas a concentrar, introducindo a que no texto se especifica en terceiro lugar como a primeira, de acordo coa observación xeral segunda deste Dictame, na que se manifestaba que a prioridade debe afectar a zonas eminentemente agrícolas. As ditas circunstancias deben ser completadas, neste apartado, considerando ademais o número de traballadores por conta propia no réxime especial agrario ou traballadores no réxime especial de autónomos con explotacións agrarias, así como polo número de explotacións prioritarias existentes nestas zonas. Haberá que ter en conta tamén todas aquelas zonas que, con reducido número de afiliacións, teñen posibilidades de recuperación ou rexeberación.

3.- O CES considera importante, no apartado 3 do artigo 6, que se mantenga a expresión da Lei 10/1985 *“se fomentará”*, dada a importancia que ten, para o mantemento das explotacións agrarias, a explotación en réxime cooperativo.

4.- No apartado 2 do artigo 7, o CES considera importante clarificar, nas promocións de novas zonas de concentración, que a validez dos traballos xa realizados se limite soamente ós traballos técnicos efectuados, de forma que se respecten as garantías establecidas no resto das fases do expediente de concentración parcelaria.

5.- De acordo coa observación xeral segunda deste Dictame, o CES entende que, aínda considerando positiva a filosofía do artigo 8, co obxecto de garantir que o esforzo financeiro realizado nun procedemento de concentración parcelaria teña por finalidade prioritaria as zonas de clara vocación agrícola, gandeira ou forestal, o contido do dito artigo respecto á clasificación como solo rústico de especial protección de tódolos terreos resultantes dun proceso de concentración parcelaria, debe ser concordante cos artigos 40 e 41 da Lei de adaptación da Lei do Solo de Galicia.

6.- O artigo 10 do anteproxecto sometido a Dictame establece a composición das xuntas locais de zona.

O CES considera que debería matizarse esta composición:

- engardir un primeiro apartado no que figure o xuíz de primeira instancia como Presidente, con voto de calidade.

- no apartado a), onde di: “que actuará como Presidente, con voto de calidade”, debería dicir: **“que actuará como Vicepresidente”**.

- no apartado b), elimina-la expresión: “que actuará como Vicepresidente”.

- no apartado c), cando se refire a “o alcalde ou alcaldes dos concellos afectados”, parece máis claro referirse a **“os alcaldes de cada un dos concellos afectados”**.

- no apartado e), onde se refire a “dous técnicos agronómicos actuantes na zona”, enténdese que debería referirse a **“dous técnicos agronómicos da Consellería responsables do proceso de concentración na zona”**.



- no apartado g), onde se refire a “catro representantes dos agricultores, no caso de afectar a concentración a un só termo municipal, ou dous por concello de abarcar máis dun termo”, o CES considera que deberían establecerse un **mínimo de catro representantes**, garantíndose en todo caso a representación de tódalas parroquias afectadas, mantendo o resto do texto deste apartado.

O CES considera que debe engadirse na composición das Xuntas Locais de Zona un apartado que estableza a presenza de cada unha das organizacións sindicais agrarias.

7.- No artigo 10 bis do Anteproxecto de Lei sometido a Dictame establécese a validez das convocatorias ás asembleas dos propietarios residentes na zona para elixir os seus representantes que teñan que formar parte da Xunta Local de Zona.

O CES considera que, no caso de que o procedemento de concentración se inicie a petición dos interesados, ó que se refire o artigo 16, para a válida constitución da Asemblea debe esixirse, en todo caso, a asistencia das maiorías establecidas no dito artigo 16, debéndose convocala Asemblea tantas veces como sexa necesario para acadar as maiorías esixidas.

O CES considera que debe manterse, para o caso de que o procedemento de concentración parcelaria se inicie de oficio pola Consellería competente en materia de Agricultura, que, en segunda convocatoria, a Asemblea quede validamente constituída calquera que fose o número dos asistentes.

124

De acordo coa observación xeral cuarta deste dictame, o CES considera que deben manterse os Grupos Auxiliares de Traballo, tendo como función exclusiva a clasificación de terras, polo que procedería que a Asemblea elixise ós seus compoñentes. Neste senso, parece adecuado elixir a 6 representantes dos agricultores coa condición de que ditos representantes non poidan formar parte ó mesmo tempo da Xunta Local de Zona, co que se evitaría que os responsables da clasificación de terras sexan os mesmos responsables de informar os recursos de alzada contra dita clasificación.

8.- No artigo 11 establécese a composición da Comisión Permanente das Xuntas Locais de Zona.

O CES entende que, en coherencia coa consideración feita para o artigo 10, deben tamén formar parte de dita Comisión Permanente as tres cuartas partes dos representantes das organizacións sindicais agrarias.

9.- O artigo 12 do Anteproxecto sometido a Dictame establece as funcións da Xunta Local de Zona.

Con respecto á Comisión Permanente da Xunta Local de Zona, no apartado c) propónse a seguinte redacción: **“Elabora-los proxectos de concentración sobre plans de cultivo, plans de obras e melloras territoriais”**.



Debería tamén establecerse un apartado d) que obrigue á Comisión Permanente a informar ó Pleno das súas actuacións.

**10.-** No artigo 13 establécese a colaboración da Xunta Local de Zona co órgano competente en materia de concentración parcelaria.

O CES considera que debe distinguirse neste artigo, por un lado, a colaboración en materia de concentración parcelaria da Xunta Local de Zona, eliminando desta colaboración a clasificación de terras e engadindo as solicitudes de reserva ou exclusión de parcelas, e, por outro lado, debe establecerse a colaboración dos Grupos Auxiliares de Traballo cos técnicos agronómicos da consellería responsables da concentración na zona, para a clasificación de terras.

**11.-** No artigo 16 establécese o procedemento de iniciación da concentración parcelaria e as actuacións do Servicio Provincial competente.

Respecto ó procedemento de iniciación da concentración parcelaria, o CES considera oportuno engadir unha nova posibilidade de petición dentro das consideradas no apartado 1 deste artigo, de forma que esta poida iniciarse cando se solicite pola maioría dos agricultores da zona que sexan traballadores por conta propia no réxime especial agrario ou traballadores no réxime especial de autónomos con explotacións agrarias.

Respecto ás actuacións do Servicio Provincial competente en materia de concentración parcelaria, o CES considera que se deben simplificar e establecer un prazo para o inicio de ditas actuacións. De acordo coa observación xeral terceira deste Dictame, propónse o seguinte posible contido para o apartado 2 deste artigo:

***“2- Nun prazo máximo de 60 días de recibida a solicitude, o Servicio Provincial competente en materia de concentración parcelaria abrirá información oficiando ó Catastro, ós Concellos afectados ou á Tesourería Xeral da Seguridade Social para comprobala realidade das maiorías invocadas”.*** O resto do apartado 2 deste artigo debe suprimirse por mor de axiliza-lo procedemento.

**12.-** No artigo 18 establécese que cando a solicitude de concentración parcelaria inclúa terreos de uso forestal é necesario requirir informe preceptivo e vinculante do órgano competente en materia de montes. Establécese tamén que dito informe virá acompañado dunha relación de montes veciñais en man común clasificados dentro do perímetro a concentrar.

O CES considera que, para que non quede incompleta a dita relación por falta de clasificación dos montes veciñais en man común, deberían considerarse tanto os montes veciñais en man común clasificados como os que están en proceso de clasificación.



13.- No artigo 20 bis establécese que o Servicio Provincial correspondente comunique ás administracións afectadas as actuacións previstas sobre a zona concentrada.

O CES considera que debería establecerse, como norma xeral, un prazo máximo de dous meses para que as ditas administracións autonómicas emitan as súas consideracións sobre as actuacións previstas sobre a zona a concentrar que lles poida afectar. Debería tamén considerarse engadir un cuarto apartado ó dito artigo onde se estableza a comunicación ó Rexistro da Propiedade para evitar posibles situacións de dobre inmatriculación.

Tamén podería considerarse a comunicación á Administración Hidráulica do Estado para identificar os bens de dominio público hidráulico da súa competencia.

14.- No artigo 21 relaciónanse os documentos que permiten establecer as bases provisionais.

O CES considera importante que no apartado j) se estableza en todo caso a clasificación do voo das terras de montes con masas forestais, substituíndo a expresión de “poderá facerse ademais da clasificación do solo tamén a do voo” por **“deberá facerse ademais da clasificación do solo tamén a do voo”**.

Neste artigo, en concordancia co artigo 18, debería establecerse un apartado k) que inclúa os documentos coa delimitación dos montes en man común que existan na zona.

126

15.- No primeiro parágrafo do artigo 24 establécese como afectan as operacións de concentración parcelaria ós bens comunais e veciñais en man común.

O CES considera que as operacións de concentración parcelaria deben limitarse exclusivamente a delimitalo contorno dos bens comunais e veciñais en man común, dotándoos de acceso e das melloras xerais de que sexan susceptibles.

16.- Nos artigos 26 e 34 establécense as deducións que afectan ás fincas únicas.

O CES considera que ás fincas únicas non se lles debe aplicar ningunha dedución, polo que debería suprimirse o último parágrafo do artigo 26 e modifica-la redacción do último parágrafo do artigo 34. Onde di: “(...) coas excepcións das fincas únicas e as referidas no artigo 26”, debería dicir: **“(...) coas excepcións de fincas únicas, ás que non se lle aplicará ningunha dedución”**.

17.- No artigo 28, o CES considera que debería manterse parte da redacción da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria, poidendo quedar o artigo redactado do seguinte xeito: **“as augas utilizadas de forma permanente para a rega das fincas deberán reseñarse nos planos coa expresión de mananciais, canles públicas e privadas e servidumes”**.





**18.-** Nos artigos 29 e 36 establécese a publicación das Bases definitivas.

O CES considera que no artigo 29 debe establecerse a súa publicación e notificación e, no artigo 36, que as bases definitivas e o acordo de concentración se notifique a cada un dos propietarios afectados, incluíndo na publicación o Boletín Oficial da Provincia, como se establecía na Lei 10/1985, do 14 de agosto.

**19.-** No artigo 30 establécese o contido do proxecto de concentración parcelaria.

O CES considera que o plano no que se reflicta sobre as antigas parcelas a nova distribución da propiedade debe sinalar o trazado dos novos camiños e viales. Este plano debe ser facilitado ós propietarios que o soliciten.

No artigo 30 debe engadirse un punto 2 no que se estableza que o proxecto de concentración parcelaria debe incorporar a delimitación dos terreos de uso forestal e os terreos de cultivos agrícolas, pasando ó punto 2 deste artigo a ser un punto 3.

**20.-** No artigo 31 establécese a constitución do Fondo de Terras coas masas comúns sobrantes, establecéndose as finalidades fundamentais do dito fondo.

O CES entende que a principal finalidade deste fondo é a corrección de erros que se establece no apartado f) do punto 2 deste artigo, polo que se considera que a corrección de erros debería figurar como apartado a) das finalidades fundamentais do fondo.

Respecto ó punto 4 deste artigo, e co fin de garanti-lo destino que os concellos dean ó 1% da totalidade dos sobrantes das adxudicacións dos lotes de reemprazo, proponse a seguinte redacción: ***“4.- Adscribirase ó Concello para o seu destino a equipamentos colectivos que redunden en beneficios das explotacións agrícolas da maioría dos propietarios da zona...”***.

Respecto ó punto 6 deste artigo, e para clarifica-los prazos establecidos no artigo 46 deste anteprojecto, proponse a seguinte redacción: ***“ 6.- A administración terá un prazo dun ano para a corrección de erros, que se contará...”***.

**21.-** No artigo 32, e de acordo coas consideracións feitas sobre o artigo 31, parece oportuno que a disposición de superficies para equipamentos colectivos ou outros fins de interese xeral só poida propoñerse unha vez finalizado o procedemento de concentración, de xeito que os ditos fondos garantan en todo caso as finalidades fundamentais. No mesmo senso que a consideración feita ó artigo 31, procedería elimina-lo último parágrafo deste artigo e modificar así mesmo a expresión do penúltimo parágrafo: “fixará a súa titularidade e destino”, por outra como: ***“fixará a súa adscripción e destino”***.



22.- O artigo 35 establece as exposicións das bases e proxectos da concentración parcelaria.

O CES considera que os interesados deben formular en todo caso por escrito as observacións ou suxestións que estimen oportunas, polo que se propón elimina-la expresión “preferentemente” do penúltimo parágrafo do artigo.

Respecto o anexo das bases ou do acordo, no último parágrafo do artigo, considérase oportuno incluír no anexo das bases ou do acordo o informe ás alegacións da Xunta Local de Zona.

23.- No artigo 41 establécense os recursos que se poden interpoñer respecto ó acordo de concentración.

O CES considera que non debe limitarse a interposición do recurso de alzada, polo que o punto 1 do artigo 41 podería quedar redactado como sigue: ***“1.- Contra o acordo de concentración poderán interpoñerse os recursos establecidos na Lei de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común”***.

Neste senso, o CES considera que con esta redacción procedería suprimir o artigo 43 deste anteproxecto.

128 De acordo coa consideración feita para o artigo 12, debe incluírse un apartado 4 deste artigo, como figuraba na anterior Lei 10/85, de 14 de agosto: ***“4.- Os recursos de alzada serán preceptivamente informados pola xunta local de zona”***.

24.- No apartado 1 do artigo 42 establécense os prazos do silencio administrativo para entender desestimado o recurso de alzada.

O CES considera escaso o prazo de tres meses para resolve-los recursos de alzada contra os acordos de concentración parcelaria, polo que a maioría dos recursos chegarían a vía contencioso-administrativa, dilatando os procedementos de concentración parcelaria. O CES entende que debería redactarse de novo o artigo 42 establecendo un prazo maior, adecuado ós ditos procedementos e manifestando que, en todo caso, a resolución do recurso de alzada será sempre expresa.

25.- O artigo 46 bis regula á acta de reorganización da propiedade, na que se establecen as circunstancias necesarias para describi-las fincas resultantes da concentración co obxecto da súa inscrición no rexistro da propiedade.

De acordo coa consideración feita no artigo 20 bis, cabería engadir no texto deste artigo que na Acta de Reorganización da Propiedade se dese conta das parcelas aportadas xa inscritas para que se proceda a cancela-la súa inscrición.



**26.-** No apartado 2 do artigo 53 establécese que o procedemento simplificado de concentración parcelaria poderá ser aplicado a zonas de pequena extensión.

O CES entende que non deberían considerarse neste artigo as zonas de pequena extensión, que se tramitarían como concentración parcelaria de carácter privado, e que se deberían incluír as zonas onde só se concentren terreos de uso forestal.

**27.-** O artigo 67 do anteproxecto de Lei de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia establece que a Consellería pode contrata-la realización dos traballos do proceso de concentración parcelaria a empresas privadas.

De acordo coa consideración feita ó artigo 12 do anteproxecto, enténdese necesario incluír neste artigo parte do texto da Lei 10/1985, de 14 de agosto: *“A xunta local de zona seguirá os traballos da empresa contratante e poñerá en coñecemento da Consellería calquera anomalía que observe para que poida ser inmediatamente corrixida”*.

**28.-** Nos artigos 70 e 71 do anteproxecto de Lei obxecto de dictame tipifícanse as infraccións leves e graves do réxime sancionador do anteproxecto.

O CES considera que as infraccións tipificadas como leves nos puntos 3 e 4 do artigo 70 deben tipificarse como infraccións graves.

A tipificación feita no apartado 5 do artigo 70 considérase excesivamente xenérica, polo que se deberían concretar expresamente os requisitos establecidos no anteproxecto de lei dos que o seu incumprimento constitúe infracción leve.

O CES considera que no artigo 71 non sería necesario a tipificación do apartado 6 como infracción grave, xa que a división ou segregación de fincas non é posible realizala, ó establecerse como non válida no artigo 52 deste anteproxecto.

**29.-** No artigo 73 tipifícanse as sancións polas infraccións cometidas en materia de concentración parcelaria.

O CES entende que, de acordo coa observación xeral segunda, debe clarificarse o contido e alcance da sanción por infracción grave contida no apartado 5 do artigo 71, que tipifica unha casuística moi diferente de posibles infraccións. O CES considera que non ten o mesmo alcance temporal o incumprimento do plan de ordenación de aproveitamento de cultivos, que pode repoñerse a curto prazo, que o incumprimento do plan forestal, xa que a súa reposición é xeralmente a longo prazo.



30.- No apartado 3 da disposición transitoria 1ª, e co obxecto de definir mellor o valor das achegas dos propietarios, propónse a seguinte redacción:

Onde di: "(...) ó amparo do artigo 8, apartado 1 e 2 desta Lei, tomando como aportación dos propietarios o valor das fincas de reemprazo do pasado proceso", considérase máis preciso dicir: ***“ó amparo do artigo 7, apartado 1 e 2 desta Lei, tomando como achega dos propietarios o valor das parcelas aportadas do pasado proceso”***.

31.- Na disposición transitoria 4ª, co obxecto tamén de garantir que as modificacións ó procedemento sexan aceptadas polos propietarios sen retrotrae-los trámites, propónse a seguinte redacción:

Onde di: “as modificacións que introduce o presente texto legal aplicaranse os procedemento en curso, sen retrotrae-los trámites”, considérase máis axeitado dicir: ***“as modificacións que introduce o presente texto legal aplicaranse ós procedementos en curso, sen retrotrae-los trámites sempre que se acepte polas maiorías establecidas no artigo 16 da Lei 10/1985, cando o procedemento de concentración parcelaria se inicie a petición dos interesados”***.

En Santiago de Compostela, a 4 de decembro de 2000